

XUVENTUDE CREA



artes plásticas
arte urbana
banda deseñada
cociña
creación de contido
creación de videoxogos
danza moderna
deseño de xoias
DJ (disc-jóckey)
fotografía
moda
música
novela curta
poesía
teatro
videocreación



XC24

XUVENTUDE CREA

1ª ed., 2025. Santiago de Compostela

Edita

Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Dirección Xeral de Xuventude

Deseño

Seteseoito deseño gráfico

Imprime

Gráficas Garabal, S. L.

DL: C 1114-2025

Sumario

ARTE URBANA	9	CREACIÓN DE VIDEOXOGOS	59
MEMBROS DO XURADO	9	MEMBROS DO XURADO	59
Álex Davila Moure	10	Gael Alberto Quintela	60
Fercho	12	Tamara García Cortiñas e equipo	62
Pedro Gonzalo García	14	Laura Cuestas Vera	64
Andrés Rivas Rodís	16	Alberto Ferrer Valeiras	64
		Adrián Vila Fernández	66
		Gabriel Motto Comesaña	66
ARTES PLÁSTICAS	19	DANZA MODERNA	69
MEMBROS DO XURADO	19	MEMBROS DO XURADO	69
Candela Eirea Orro	20	Judith Roca Cruz	70
Cristian Paz Cerqueira	22	Pablo Vázquez Durán	72
Ainoa Simons Alcántara	24	Saray Alonso Amorín	72
Cora Novoa Pérez	26	Noelia Prado Meizoso	74
Alejandro Fuertes Sánchez	28	Claudia Pazos Costa	74
Paula Labrador Fernández	30	Alba Meijide Blanco	76
		Bruno Orosa Aldrey	76
		Daniel Suárez Fernández	76
BANDA DESEÑADA	33	DESEÑO DE XOIAS	79
MEMBROS DO XURADO	33	MEMBROS DO XURADO	79
Izar Magallanes Martínez	34	Raquel Martín Míguez	80
Jennifer de la Torre Álvarez	36	Yago Piñeiro Portela	82
Alba Chan Outeda	38	Isani Diana Gil Antón	84
Manuel Tudela Díaz	40		
		DJ (DISC-JÓCKEY)	87
COCIÑA	43	MEMBROS DO XURADO	87
MEMBROS DO XURADO	43	Anxo Fernández Costas	88
Ana Belén Pérez Costas	44	Lidia Fraga Mascarell	90
Pablo González Marino	44	Jorge Luis Pardo-Ciorraga Molina	92
Jennifer Santabaya Buiturón	46		
Sofía Pérez Miranda	48	FOTOGRAFÍA	95
Valeria Rodríguez Garrido	48	MEMBROS DO XURADO	95
		María Alborés Lojo	96
CREACIÓN DE CONTIDO	51	Bruno Veloso Iglesias	98
MEMBROS DO XURADO	51		
Sandra Martínez Feijoo	52		
Luis do Río Pena	54		
Iria Fernández González	56		

Daniel Pérez Domínguez	100
Aldara Vázquez Estévez	102
Leire Ramallo Jurado	104
Alba Amoedo Cal	106
Iago Lourido Calvo	108

MODA

MEMBROS DO XURADO	111
Uxía Loureiro Caamaño	112
Ana Román Rodríguez	114
Laura Villar Loureiro	116

MÚSICA

MEMBROS DO XURADO	119
Sara Gimeno Ares	120
Juan Arca Figueroa	122
Gonzalo Rodríguez Alonso	122
Sunil Manuel López Mahbubani	122
Pablo Sexto Rosende	124
Roi Alfonso Tojo	124
David Somavilla Herrera	124

NOVELA CURTA

MEMBROS DO XURADO	127
Alba Guzmán Falcón	128
Aarón Barreira Diz	130
Marcos Gómez Ramos	132
Adrián Noia Vázquez	134

POESÍA

MEMBROS DO XURADO	137
Alexandre Guerra Corbillón	138
Xián Lois Alcayde Dans	140
Sofía Fernández González	142

TEATRO

MEMBROS DO XURADO	145
-------------------	-----

TEATRO AMADOR

Ska-Rnio Escénico	146
Asociación LaBarata	148
Escola de Teatro de Taboadela, Esteta	150

TEATRO PRO

CoidadoBastón!	152
t.E.T.a.	154
Nauta Teatro	156
Ancoraxe	158

VIDEOCREACIÓN

MEMBROS DO XURADO	161
Mario Fernández Filloy	162
Raquel Álvarez Méndez	164
Esperanza Valentina Castro Isdahl-Troye	166
Álex Tajuelo López	168

Limiar

A capacidade creativa e creadora da mocidade queda patente en cada nova edición do programa Xuventude Crea, unha iniciativa que serve para canalizar as distintas inquietudes artísticas da mocidade galega.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude, sabe da importancia que ten para os mozos e mozas que están iniciando a súa carreira no ámbito cultural poder contar cun programa plenamente consolidado que, por un lado, supón un impulso económico para moldear o seu proxecto artístico e, por outro, serve de plataforma para a difusión e a proxección social da súa obra.

O Xuventude Crea é, xa que logo, un estímulo que permite que a nosa mocidade poida desenvolverse creativamente dende múltiples ámbitos: dende a poesía ao teatro ou a danza moderna, pasando pola novela curta, a música, a moda ou o deseño de xoias. Mais, ao igual que mudan as formas nas que a mocidade galega se expresa e se relaciona culturalmente, tamén é necesario que o fixese esta iniciativa incorporando novas especialidades ás catorce existentes, como son: creación de contido e disc-jockey (DJ).

As distintas modalidades e disciplinas favorecen que as mozas e mozos galegos poidan expresar as súas inxedanzas facendo da súa vocación unha profesión onde continuar medrando artisticamente. O Xuventude Crea é un dos espazos que o Goberno galego impulsa para que os máis novos poidan transformar toda a súa creatividade nunha grande oportunidade de futuro, sendo dignos sucesores dos nosos creadores máis senlleiros e facendo da nosa unha sociedade plural, dinámica e cunha oferta cultural inclusiva e diversa da que poida gozar todo o pobo galego.

José López Campos
Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude



ARTE URBANA

PERSOAS PREMIADAS

1º premio	Álex Davila Moure
2º premio	Fercho
3º premio	Pedro Gonzalo García
Mención de honra	Andrés Rivas Rodís

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Lara del Carmen Meneses Álvarez
Directora xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Amabel González Troncoso
Silvia Rodríguez Pena (Sax)
Alba Castillo Costa
Ramón Conde-Corbal Varela (Mon Devane)
Alonso Antonio de la Cantera Álvarez

Secretario

Adrián Vila Paz



1º PREMIO

Álex Davila Moure

Lalín (Pontevedra), 2000


A obra trata de concienciar tanto as persoas máis adultas como os mozos e mozas sobre a contaminación do mar. O fondo son letras humanizadas imitando o lixo no mar.


FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2012-2017. Educación secundaria obrigatoria (ESO)

2019-2020. Peón forestal

O mar non é un vertedoiro





2º PREMIO

Fercho


A Coruña, 1994

Gustoume a idea de empregar un deseño que fixen anos atrás para un concurso, con debuxos rápidos e sen pretenções como os que fas na lista da compra mentres falas por teléfono.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2013-2024. Tatuadora e muralista

Descentrada





3º PREMIO

Pedro Gonzalo García

Vigo (Pontevedra), 2000

Neste mural propoño unha representación visual da complexa experiencia da mocidade actual.

A obra parte dunha figura feminina cun rostro realista que, ao longo da mirada, se dissolve en formas xeométricas fragmentadas inspiradas no cubismo. Estas formas representan as influencias e desafíos aos que estamos expostos, simbolizando as "mil cousas na cabeza" dos mozos: dúbidas, presións sociais e esixencias dunha cultura visual que privilexia a aparencia sobre o íntimo. A dualidade entre o realista e o cubista reflicte a tensión entre o persoal e o externo, mostrando como a identidade é un proceso en constante formación.

A obra tamén é unha homenaxe á capacidade creativa da mocidade, chea de potencial e de voces que merecen ser escoitadas e apreciadas na súa diversidade.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2020-2024. Diseñador gráfico

2023. Fachada para Vigo cidade de cor, Vigo

2024. Fachada para Parma meeting, Italia

2024. Proxecto mural, Cabo Verde (África)

Identidade fragmentada





MENCIÓN DE HONRA

Andrés Rivas Rodís

Santiago de Compostela (A Coruña), 2000

A palabra 'espello' provén do latín *speculum*, que significa "instrumento de mirada". Interésanos falar do espello pola vinculación que hai non só co que observamos, senón tamén co que ten que ver con como a pintura e a translación dunha imaxe ao soporte pictórico adestran e exercitan a mirada.

Se partimos dunha imaxe fotográfica, ao levala a outro soporte distinto, como un muro ou un lenzo, exercemos nós de espello, os nosos ollos reciben unha imaxe que logo pasa pola man e devolven outra, semellante pero modificada. Todos os detalles, relacións, manchas... vense trastornados ou exaxerados (como nos xogos de espellos de Valle Inclán), e acaban cun esperpento que proba a imposibilidade da man de imitar á perfección a linguaxe da lente fotográfica.

A obra aquí proposta é o resultado dunha vintena de pinturas e debuxos nos que se foi copiando o anterior.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018-2022. Grao en Belas Artes, Universidade Politécnica de Valencia

2023-2024. Mestrado en Investigación e Creación en Arte, Universidade do País Vasco

2024-actualidade. Doutorado en Creación e Investigación en Arte, Universidade de Vigo

Espello





ARTES PLÁSTICAS

PERSOAS PREMIADAS

1º premio

Candela Eirea Orro

2º premio

Cristian Paz Cerqueira

3º premio compartido

Ainoa Simons Alcántara

3º premio compartido

Cora Novoa Pérez

Mención de honra

Paula Labrador Fernández

Mención de honra

Alejandro Fuertes Sánchez

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Lara del Carmen Meneses Álvarez

Directora xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Mercedes Rozas Caeiro

Pedro Miguel González Galilea

Vanessa Díaz Otero

José Eduardo López Valiña

Alexandra Rodríguez Rey

Secretaría

Amelia Signiorini Vilariño



1º premio

Candela Eirea Orro

Cangas do Morrazo (Pontevedra), 2002

Este mosaico está baseado nunha casa de indianos de Cangas do Morrazo, que serve de punto de partida para imaxinar os obxectos e as historias dos seus habitantes, e nacen así os homes-peixe como donos do fogar. A obra leva á literalidade o concepto de árbore xenealóxica, mesturando personaxes coa ramaxe e o tronco.

Emprégase a cerámica como soporte pictórico, unificando artesanía e arte. Utilízanse placas de barro cunha soa cocción para que non peche o poro e absorba o óleo diluído. Finalmente, elíxese un acabado mate para afastalo do brillo típico da cerámica.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2020-2024. Grao en Belas Artes, Universidade de Vigo

2020-actualidade. Xestión cultural coa asociación Refugallo

2023. Residencia artística en Reinosa

2024. Bolsa de colaboración co Departamento de Escultura

2024-actualidade. Mestrado en Cerámica, Universidade do País Vasco

Un enriba doutro





2º premio

Cristian Paz Cerqueira

Ponteareas (Pontevedra), 2001


Escondedoiro é unha peza que se desenvolve dentro da liña conceptual da memoria familiar. Dirixo a mirada á infancia interesándome polo xogo. Volvo ao pasado para rescatar a idea de xogar a esconderse, ocultarse, escapar dunha realidade que amedrenta. A idea non era construír un espazo no que agocharse, senón invitar o espectador a buscar o que está agochado, algo que depende do ollo de quen estea a buscar. Decidín traballar o tecido co cemento, pois para min a tea endurecida simboliza a memoria: endurecer é sinónimo de preservar, lembrar e non esquecer. Transformar o material desta maneira é unha forma de arquivar o pasado, cambiar a fragilidade do tecido pola dureza do cemento é só un intento desesperado de preservar o que aconteceu.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2019-2023. Grao en Belas Artes, Universidade de Vigo
- 2023-2024. Mestrado en Formación do Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensinanza de Idiomas, Universidade de Vigo
- 2024. Prácticas de profesorado no IES Frei Martín Sarmiento
- 2024-actualidade. Mestrado en Artes Plásticas, especialidade en Escultura, Universidade do Porto

Escondidoiro





3º premio compartido

Ainoa Simons Alcántara


Vigo (Pontevedra), 2001


Nesta última peza quixen condensar as experiencias adquiridas cos dous cadros anteriores. É unha desas pezas nadas dende as miñas obsesións, máis que dende a experimentación. O título compárteo co proxecto *Nesta casa viven todas*. Así, entendo que pon broche a este proceso e, á vez, é a peza na que máis deixo de fuxir do evidente. Deixo de escaparme constantemente daquilo que quero facer e que me bole na cabeza todo o intre, para xuntar todas as miñas obsesións nunha mesma peza xunto con todo o aprendido. É a máis minimalista, deixa de ser un caos, unha desorde que ocupa para ser casa de bonecas, infancia terminada, enredo desenredado, punto e seguido.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2020-2024. Grao en Belas Artes, Universidade de Vigo
- 2024. Comisariado e participación da exposición colectiva *Iridescencias*, Club Naval de Pontevedra
- 2024. Participación no mercado do festival *Creativa*, Vigo
- 2024. Participación na exposición colectiva *Néxodos*, Palencia
- 2024. Participación na exposición colectiva *VARCO*, Auditorio Mar de Vigo
- 2024-2025. Mestrado en Producción Artística, Universidade Politécnica de Valencia
- 2024-2025. Participación na exposición colectiva *Do final e do comezo*, Pazo da Cultura de Pontevedra

Nesta casa viven todas





3º premio compartido

Cora Novoa Pérez

Vigo (Pontevedra), 1998

O que ocorre durante son catro fotoaccións dos restos de acción. Unha *performance en mute*, concibindo a creación artística como investigación e a emancipación procesual como obra. Repensando o espazo convencional do discurso e a relación palabra-praxe, habitando o espazo de maneira situada, en branco sobre branco, no entre e no durante. O desenlace dos procesos derivados da acción, onde a práctica e teoría difiren, entrecrúzanse e retroalimentáanse; esquivando enunciados ríxidos e definicións estáticas. Un espazo relacional, extensión dos corpos que o habitan, en xerundio. Entre suxeito e obxecto, espazo e corpo, resultados e procesos, presenza e ausencia.

A través de *O que ocorre durante* fórmase a existencia dun punto de intersección entre a realidade interior e a exterior, co material e inmaterial do propio espazo. Un exercicio nominal, aínda que non dende a palabra. Tráballase sobre e dende o presente, a autonomía do facer, situadamente, sobre a súa suficiencia para xerar imaxes e diálogos, coa nosa lingua e os nosos corpos, a exposición da cámara, un bote de pintura acrílica de cor branca, o corpo e o espazo; partindo do precario e co posto, aplicando estes principios no formal e no material.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019-2023. Bolseira en múltiples espazos: salas de exposicións, artes gráficas, produtoras

2021-2023. Mestrado en Artes do Espectáculo Vivo, Universidade de Sevilla

2024-actualidade. Contrato predoutoral en Arte: produción e investigación, Universidade Politécnica de Valencia

2024-actualidade. Investigadora predoutoral

 @intel_cora

O que ocorre durante





MENCIÓN DE HONRA

Alejandro Fuertes Sánchez

Avilés (Asturias), 1997

Cabeza é unha das obras pertencentes ao proxecto do mesmo nome, *Cabezas*, o cal consiste nunha serie de ensamblaxes realizadas con residuos sólidos urbanos atopados na cidade de Pontevedra. Cada obra segue a estética desta suposta nova era xeolóxica denominada Antropoceno, na que gobernan a incerteza, a indeterminación e o mesturado. As *Cabezas*, título que suxire unha relación anatómica entre o humano e os seus residuos, cobran o aspecto dunha casa en ruínas, a cal parece estar sendo derribada e construída ao mesmo tempo, un aspecto propio da cidade contemporánea que sempre está en obras e en perpetua transformación.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2016-2020. Grao en Belas Artes, Universidade de Vigo

2020-2021. Mestrado en Estudos Avanzados en Producción e Prácticas Artísticas, Universidade de Salamanca

2022-actualidade. Doutorando en Creación e Investigación en Arte Contemporánea, Universidade de Vigo

2022. Exposicións: *A casa no alto* (Museo Man de Camelle, A Coruña), *El arte es un conflicto* (Galería Manolo Eirín, A Coruña), *Materiais* (Sala Profesor Manuel Moldes, Pontevedra), *VAGINAL*, *el residuo de Vaginal Davis* (Galería Solaina, Lugo), *Residuos* (40 Nudos, Asturias) e *La basura hay que ir a verla* (La U Mutante, Salamanca)

2023. Exposicións: *En la ciudad* (ASH Projects, Vigo), *Reliquias* (O Abrigo, Pontevedra) e *Monstruo 13* (Estudio Abierto, Vigo)

2024. Exposicións: Bial de Arte Contemporánea *Algo que brilla* (Fundación Sales, Vigo, 2024), *BASURA!* (Galería La Gran, Madrid), *Monstruo 16* (Kentada, Pontevedra) e *Cabezas* (Galería de Arte CTJV, Portugal)

 @alejandrofuertes_

Cabeza





MENCIÓN DE HONRA

Paula Labrador Fernández

O Pereiro de Aguiar (Ourense), 2002

Esta obra fai alusión á necesidade imperante de facer un cuestionamento das nosas tradicións. Sempre defendín Galiza, dende o costume máis pequeno ata a nosa lingua, pero duns anos para aquí algo máis que a nosa terra ocupa a miña mente e o meu corazón: son os principios morais e éticos ligados ás actividades que non teñen en conta os grupos oprimidos. Neste caso concreto, é unha sinalización directa ao trato que se lles dá aos animais. Gustaríame recordar o escrito na ficha técnica da obra "Dende esta pintura e co corazón na man fago un chamamento á sensibilidade, á empatía, á colaboración e ao respecto. Gustaríame que todos xuntos levemos as nosas tradicións á súa mellor versión, sabendo sempre de onde veñen, Galiza á mote, Galiza, ti que sempre fuches sinónimo de loita, Galiza por favor... non deixes de loitar."

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2021-actualidade. Estudante de grao en Belas Artes

Pulpeira





BANDA DESEÑADA

PERSOAS PREMIADAS

1º premio	Izar Magallanes Martínez
2º premio	Jennifer de la Torre Álvarez
3º premio compartido	Alba Chan Outeda
3º premio compartido	Manuel Tudela Díaz

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Lara del Carmen Meneses Álvarez

Directora xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Lía Soto Rodríguez

Jorge Campos Sánchez

Teresa de la Paz Grande Taboada

Isabell Seidel

Secretaria

Isabel Montero Pereira



1º premio

Izar Magallanes Martínez

Vigo (Pontevedra), 2000

Coa banda deseñada *Negra sombra* quixen falar do tema da morte, o loito e a fantasía, representados neste cómic a través das vivencias dun neno, protagonista inocente que parece estar condenado dende o comezo da historia. A trama consta de cinco capítulos non numerados nos que nos atopamos a premonición, o falecemento, o funeral, o enterro e a lembranza dunha rapaza tamén inocente, as cinco partes vitais do que constitúe o proceso de perda na cultura galega. Inclúense referencias á cultura galega, ás historias que escoitei dende nena, populares ou familiares, e ás criaturas que habitan no imaxinario colectivo das nosas narrativas e cultura popular, tales como a Santa Compañía ou o Urco.

Tamén quixen con esta historia crear unha figura da morte compasiva, ritualística e algo dramática que, a pesar de non gozar necesariamente do seu traballo, procura facelo o mellor posible. Na morte violenta e a inxustiza que vén con ela, gústame pensar que o ser encargado de levarnos cara ao outro lado é doce e fermoso, que pode mesmo traer paz e non só tristeza.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2019-2021. Ciclo superior de Ilustración, EASD Antonio Faílde
- 2021-2023. Ciclo medio de Impresión Gráfica, Colexio Fogar A Fundación
- 2023. Feito Solucións Gráficas
- 2024-actualidade. Serigrafía Galega

 @tiburongotico

Negra sombra





2º premio

Jennifer de la Torre Álvarez


Ourense, 2003

Señardade é unha historia sobre a loita interna e a incapacidade de romper co ciclo de autodestrución ao perderse na busca de ser alguén máis. Sempre sentín un interese especial polos temas psicolóxicos profundos, como os medos e as ansiedades que te consomen por dentro. Neste cómic presento un vampiro que dedicou a súa existencia a observar, envexar e desexar ser como os demais, ata o momento de perderse a si mesmo no proceso. O que queda é un ser baleiro, desprovisto de desexos e esperanzas, perdido no mundo, incapaz de lembrar o seu propio nome ou identidade. Pero, aínda sendo consciente da súa situación, é incapaz de facer algo para cambiala. Somérxese na súa autocompaixón, incapaz de avanzar ou cambiar, desexando e temendo a súa propia morte, convertendo a súa existencia nun círculo vicioso do que non pode escapar.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2021-actualidade. Estudiante de grao en Deseño Gráfico, EASD Antonio Faílde

Señardade





3º premio compartido

Alba Chan Outeda


Pontevedra, 2001

Este pequeno cómic trata de como a protagonista volve á súa cidade natal despois de meses traballando fóra, e esas ganas de aproveitar o tempo ao máximo coa súa familia e amizades faise presente, acompañados de praceres como a comida e as paisaxes galegas. Pero sempre toca volver á rutina e despedirse dos nosos seres queridos, e xa só podes pensar no día no que poidas regresar, o que aquí chamamos 'morriña'.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2021-2024. O Garaxe Hermético, Escola
Profesional de Banda Deseñada e Ilustración
2024. Publicación de *Idol!*

Minha axenda





3º premio compartido

Manuel Tudela Díaz

Madrid, 1994

Epiceto é unha obra breve que combina un estilo humorístico e reflexivo, mesturando elementos satíricos e fantásticos cunha estrutura que remite aos contos tradicionais. A narrativa busca evocar a maxia dos relatos clásicos, tanto no seu ton como na súa presentación gráfica. Este intento de homenaxe reflíctese no deseño visual, que mestura características propias dos contos populares co estilo de banda deseñada de inspiración francesa. O texto destaca pola súa variación formal: alterna entre a voz dun narrador de conto, que achega unha perspectiva máis universal, e os bocadillos de cómic, que transmiten dinamismo e achegan o lector á mente das e dos personaxes. A obra explora temas profundos como a identidade persoal, a reinvenção dos roles na vida e a importancia de buscar e atopar aquilo que verdadeiramente nos apaixona. *Epiceto* é, ao mesmo tempo, unha reflexión sobre o fracaso, a superación e a capacidade de transformarse, presentada cun ton lixeiro que equilibra humor e melancolía.


FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2022-2023. Certificado de profesionalidade en Desenvolvemento de Produtos Editoriais Multimedia


 @mtdibuja

 <https://mtdibuja.com/>


Epicteto



Percorreu as rúas, tomou o sol na praia,
voou entre as nubes e foi tomar un café
nunha terraza.



E Epicteto atopouse
cos seus inimigos.



O carpinteiro que contratou os seus dragóns, a arqueóloga que atopou o seu tesouro, o meteorólogo da súa cidade e a propietaria do seu banco.



COCIÑA

PERSOAS PREMIADAS

1º premio	Ana Belén Pérez Costas e Pablo González Marino
2º premio	Jennifer Santabaya Buiturón
3º premio	Sofía Pérez Miranda e Valeria Rodríguez Garrido

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Lara del Carmen Meneses Álvarez
Directora xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Jorge Gago García
Faustino Batallán Cons
Alejandro Iglesias Vázquez
Lucía Freitas Rodríguez
Alba Varela Diéguez

Secretaría

M.^a Pilar Lorenzo Vilar



1º premio

Ana Belén Pérez Costas

Vigo (Pontevedra), 2001

Pablo González Marino

Mos (Pontevedra), 2005

Esta receita está inspirada na tradición gastronómica das Neves, onde se consumían tanto as torradas de viño no Nadal, como doce típico, como as *sopas de burro canso*, outra elaboración popular da nosa cocíña tradicional á que queremos render homenaxe. Consiste nunha redución de viño tinto de Rubiós con azucre e aromas cítricos (limón e laranxa), coa que empapamos a torrada de pan de Cea, caramelizámola e acompañámola cun cremoso xeadado de requeixo das Neves. A decoración é unha lasca de pan seco. Unha sobremesa sinxela pero que recolle a esencia da tradición da miña vila.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

Ana Belén Pérez Costas

2022. Certificación de Tatuador Profesional e Hixiénico-Sanitario

2024. Curso de fundamentos do márketing dixital e comercio electrónico

2024. Técnico en Panadería, Repostería e Confeitería

Pablo González Marino

2021-2023. Técnico en Informática de Oficina

2024. Técnico en Panadería, Repostería e Confeitería

 @srta_perezc

 @pablete_31_

Torrada con vino tinto Rubiós





2º premio

Jennifer Santabaya Buiturón

Dumbría (A Coruña), 2000

A cociña tívome intrigada dende cativa. Comecei experimentando na casa, reinventando as receitas de toda a vida. Entre elas, hai unha especial: as vieiras da miña nai. É o prato das ocasións de festa, aínda que recoñezo que esa receita segue sendo un segredo que o mundo aínda non está preparado para descubrir. O ano pasado, tiven a inmensa sorte de que Jacinto me invitase a formar parte do equipo de cociña do restaurante O Semáforo. Alí, grazas a Diana, descubrí o fascinante reto do estrés culinario e a satisfacción do ben feito. Galicia é un dos mellores lugares para comer e, como boa galega, o marisco ocupa un lugar destacado no meu corazón. Así que, para este prato, as vieiras foron a miña primeira inspiración. Pero quería ir máis alá e explorar as texturas. Necesitaba algo crocante e pensei nas castañas, algo meloso e delicado, e decidín elaborar unha xelatina feita con albariño, para rematar cun puré que ligase os sabores. Este prato é moito máis ca unha receita, é unha viaxe polos sabores e as tradicións de Galicia. Cada elemento representa un anaco da nosa terra: os queixos de Arzúa, o albariño das Rías Baixas, as vieiras de Cambados... É unha homenaxe a un marisco que une culturas e padais.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2018-actualidade. Estudante de grao en Enxeñería Industrial Mecánica
- 2023. Axudante de cociña no restaurante O Semáforo, Fisterra
- 2024. Atención ao cliente e caixa en BBVA

 @jeennybxts93

 jennifer.santabayabuituron

Vieiras á prancha sobre cama de crema de pataca e tetilla con crocante de castañas e xelatina de Albariño





3º premio

Sofía Pérez Miranda

Vigo (Pontevedra), 2004

Valeria Rodríguez Garrido

Salvaterra de Miño (Pontevedra), 2001

Nós somos unhas mozas con paixón polas festas galegas e vocación pola pastelería. A sobremesa foi inspirada na festividade de San Xoán, onde se celebraba a queimada para escorrentar os espíritos. A nosa proposta foi fusionar a tradición e a innovación. Por unha banda unha tradición tan antiga como é a da queimada, na que se usa a augardente e, por outra, a innovación nas técnicas usadas na elaboración do prato e na combinación de sabores.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

Sofía Pérez Miranda

2020-2023. Bacharelato

2023-2024. Auxiliar de tenda en pizzería

2024-actualidade. Estudante de ciclo medio en Panadería, Repostería e Confeitería

Valeria Rodríguez Garrido

2016-2019. Técnica en Confección e Moda

2023. Operaria en fábrica de serigrafía

2024-actualidade. Estudante de ciclo medio en Panadería, Repostería e Confeitería

Lume da Santa Compañía





CREACIÓN DE CONTIDO

PERSOAS PREMIADAS

1º premio	Sandra Martínez Feijoo
2º premio	Luis do Río Pena
3º premio	Iria Fernández González

MEMBROS DO XURADO

Presidenta


Lara del Carmen Meneses Álvarez
Directora xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Carla Gabián Otero
Pablo Grandío Portabales
Miguel Mandayo Lagoa
Carmen Pita Urgoiti

Secretaria

Paula Collazo López



1º PREMIO

Sandra Martínez Feijoo

Ferrol (A Coruña), 1995

Un par de semanas antes do confinamento, o meu mozo e eu decidimos aventurarnos e cumprir o noso soño de mudarnos ao rural. Durante o confinamento abrín unha conta de Instagram para que as nosas amizades e familia visen o que andabamos facendo e chameina *Nosa Granxiña*: dúas persoas mozas aprendendo do mundo rural, da súa xente e da sabedoría do pobo. Pouco a pouco fun compartindo o coñecemento adquirido, o noso día a día, os problemas aos que nos enfrontamos, as alegrías que viviamos e a chegada de animais á nosa familia. Paseniño, foi chegando a máis xente que se interesaba por todo o que estabamos facendo e que aprendía con nós. Nese momento démonos conta de que *Nosa Granxiña* debía ser algo máis, un lugar onde manter viva esa sabedoría popular, onde aprender, ensinar e divulgar. Hoxe a comunidade medra e acompañanos no noso obxectivo de repoboación dun bosque, na nosa aprendizaxe continua e no noso amor polo rural galego, por darlle voz, continuidade e valor.

 @nosa_granxa

 <https://www.nosagranxa.es/>

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2014-2018. Grao en Dereito

2019. Posgrao en Publicidade, Márketing e Social Media

2019. Mestrado en Dirección Comercial e Márketing

O e-rural galego



<https://www.instagram.com/reel/DA2-0qWMO6U/?igsh=MWVpN2d0dmFpa3Vzeg%3D%3D>



2º PREMIO

Luis do Río Pena

Santiago de Compostela (A Coruña), 1998

A obra presentada é un vídeo en formato vertical do tipo *reels* ou *youtube short*, que é o tipo de vídeo máis consumido en Internet. A súa duración oscila entre un minuto e un minuto e medio e caracterízase pola súa concreción e dinamismo. Nun caso en concreto, amoso como aproveitar un material aparentemente inútil, a pelica dun castiñeiro, para facer un cesto. É un pretexto que serve para presentarme e recoller a miña idea de divulgación, que pasa polo respecto á tradición no decorrer dos novos tempos.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2020-2023. Oposición ao corpo superior da Xunta de Galicia (A1). Agardando nomeamento tras ter superado con éxito o proceso selectivo
- 2023-actualidade. Mostras de artesanía e conferencias divulgativas para concellos, asociacións e escolas
- 2024-actualidade. Grao medio de Música Moderna (5º curso)
- 2024. Colaborador do programa *Quen Anda Aí* (TVG)

 @luisdorio

 @luisdoriopena

 @luisdoriopena

A tradición cultural galega e as súas novas formas en Internet



<https://www.instagram.com/reel/DAYwBppOIRe/?igsh=Zjk4MXJ5bXdrMWxi>



3º PREMIO

Iria Fernández González

Ribadavia (Ourense), 1998

A obra presentada *Metamorfose mariña*, baixo o pseudónimo *Tinta galega*, representa a profunda conexión entre a identidade galega e o mar.

A través da transformación do meu rostro en polbo (animal emblemático das nosas costas), simbolízase como o ser humano se fusiona co seu contorno natural, destacando a evolución e a integración entre ambos. Resáltase, así, a relación simbiótica entre o ser humano e a natureza, fusionando arte e tradición nunha metamorfose visual.

O título *Metamorfose mariña* evoca o cambio constante e a fluidez do mar galego, mentres que a música composta polo grupo galego Fillas de Cassandra achega unha atmosfera na que se salienta a forza da cultura galega e a conexión cos seus elementos máis esenciais.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2016-2020. Grao en Educación Social, Universidade de Vigo

2020-2022. Teleoperadora, CONTACTNOVA, S. L.

2022-2023. Educadora social, Xunta de Galicia

2023-2024. Dinamizadora, Tragsatec

2024-actualidade. Mestrado universitario en Recursos Humanos: Organización e Xestión de Talento, Universidade Camilo José Cela (UCJC)

 @iriafernandezmakeup

Metamorfose mariña



<https://www.instagram.com/reel/DA6tUNRO5Xa/?igsh=eHJreHA4Znp4aWL2>



CREACIÓN DE VIDEOXOGOS

PERSOAS PREMIADAS

1º premio

Gael Alberto Quintela

2º premio

Tamara García Cortiñas, Andrea Victoria Rodríguez Fariñas, Katarzyna Wiktoria Zieba Glaz, Ezequiel Riveiro Carrera, Lois Barreiro Río, Alba Martínez Padín, Carlota Velasco Yepes, Javier Rodríguez Vicedo, Victoria Porteiro Bértoa e Lúa Pereira Seda

3º premio

Laura Cuestas Vera e Alberto Ferrer Valeiras

Mención de honra

Adrián Vila Fernández e Gabriel Motto Comesaña

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Lara del Carmen Meneses Álvarez

Directora xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Óscar Ferreiro Vázquez

Antonio José Seoane Nolasco

Beatriz Legerén Lago

Félix Menéndez Naveiras

Secretaria

Pilar Tamerón Montesinos



1º PREMIO

Gael Alberto Quintela

Vigo (Pontevedra), 1999

Esta é unha obra que experimenta coa música e o son como mecánicas xogables, abordando a saúde mental como tema principal. Viaxamos así a unha vila imaxinaria chamada Maestosis, onde, cada noite, os sons cobran vida e vagan libremente. O personaxe principal non só poderá apreciar a paisaxe sonora que se crea na vila, ten tamén a capacidade de gardar e modificar as propiedades dos sons que atope, cun único fin: adecualos a un tratamento sonoterapéutico. Establécese así unha dinámica na que deberemos escoitar os problemas dos moi diversos visitantes que cheguen a Maestosis, comprendelos e atopar os sons adecuados para acougar a ansiedade e o estrés dos mencionados suxeitos. Desta forma, *Maestosis* pretende ser non só unha obra experimental no referente ao uso do son e da música, senón tamén un espello no que os xogadores poidan ver reflectidos os seus problemas e preocupacións do día a día.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2017-2019. Técnico superior en Son para Audiovisuais e Espectáculos
- 2019-2023. Título superior de Música en Interpretación
- 2021-2023. Técnico superior en Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma (na falta do módulo de prácticas en empresa)
- 2023-actualidade. Mestrado en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos
- 2024-actualidade. Profesor de música na Escola Municipal de Santiago de Compostela

Maestosa





2º premio

Tamara García Cortiñas, Andrea Victoria Rodríguez Fariñas, Katarzyna Wiktoria Zieba Glaz, Ezequiel Riveiro Carrera, Lois Barreiro Río, Alba Martínez Padín, Carlota Velasco Yepes, Javier Rodríguez Vicedo, Victoria Porteiro Bértoa e Lúa Pereira Seda

A hundred days of summer é un xogo *dungeon crawler* en vista *top-down* cunha estética estilizada que xira arredor da exploración e o combate experimentado dende os ollos de Artai, un neno pequeno con moita imaxinación. Durante a aventura poñémonos na pel de Artai que, para amenizar os seus días de verán, recorre á súa imaxinación e inventa historias. Un día, a súa nai explícalle que perdeu un colar de perlas, o que lle serve como fonte de inspiración para as súas historias de cabaleiros, deixando o mundo real para adentrarse nos alxubes dun castelo imaxinario cheo de desafíos co obxectivo de recuperar o colar. Neste mundo enfrontarase a retos como plataformas, crebacabezas e combates, ademais de ter a opción de conseguir obxectos coleccionables. Poderá utilizar un gancho ou dar reviravoltas para moverse; curarse utilizando os limitados bocadillos feitos pola súa nai; interactuar coa narrativa ambiental, personaxes e mecanismos; recoller moedas ou resolver os crebacabezas que lle brindarán unha recompensa.


FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- Tamara García Cortiñas**, Ginebra (Suíza), 2002
- Andrea Victoria Rodríguez Fariñas**, Punta Cardón-Falcón (Venezuela), 2003
- Katarzyna Wiktoria Zieba Glaz**, Szczecin (Polonia), 2001
- Ezequiel Riveiro Carrera**, Mos (Pontevedra), 2002
- Lois Barreiro Río**, Santiago de Compostela (A Coruña), 2002
- Alba Martínez Padín**, Cambados (Pontevedra), 1999
- Carlota Velasco Yepes**, Avilés (Asturias), 2002
- Javier Rodríguez Vicedo**, Arenys de Mar (Barcelona), 2002
- Victoria Porteiro Bértoa**, Carballo (A Coruña), 2003
- Lúa Pereira Seda**, Lalín (Pontevedra), 2002

Estudantes do grao de Creación Dixital, Animación e Videoxogos

A hundred days of summer





3º premio

Laura Cuestas Vera

Murcia, 2002

Alberto Ferrer Valeiras

Ourense, 2002

Souri é unha *demo* dun videoxogo 3D de aventuras submarinas en terceira persoa. Neste xogo o protagonista, un peixe chamado Souri, debe acudir á axuda do seu irmán, que foi capturado por unha feroz anguía. No seu camiño atopará correntes mariñas, cada unha máis intensa que a anterior, polo que deberá comer para volverse máis forte e poder cruzalas. Non obstante, para conseguir comida terá que superar diferentes desafíos e inimigos. *Souri* está adaptado para PC (Windows) e é necesario xogalo con rato e teclado. O xogo está inspirado en Galicia e é froito do interese do equipo polo mar e a vida mariña. Isto pódese ver reflectido no protagonista, que é un melgacho (quenlla presente nas costas de Galicia) e no banco de xoubiñas que hai no centro nivel.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

Laura Cuestas Vera

Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos

Alberto Ferrer Valeiras

Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos

2024. Programa avanzado en Animación 3D de Personaxes, U-tad

[in https://www.linkedin.com/in/lauracuestasvera/](https://www.linkedin.com/in/lauracuestasvera/)

[in https://www.linkedin.com/in/alberto-ferrer-valeiras-68840432a/](https://www.linkedin.com/in/alberto-ferrer-valeiras-68840432a/)

Souri



MENCIÓN DE HONRA

Adrián Vila Fernández

O Porriño (Pontevedra), 1998

Gabriel Motto Comesaña

Navarra, 2001



Dark arise trata da aventura dun samurai que se adentra nas escuras profundidades do que foi unha antiga civilización, á busca da verdade sobre as sombras. *Dark arise* é un xogo estilo *metroidvania pixel art* inspirado nos xogos *Hollow knight* e a saga *Ori* (*Ori and the Blind forest* e *Ori and the Will of wisps*).

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

Adrián Vila Fernández

Técnico superior en Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma

Gabriel Motto Comesaña

Técnico superior en Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma

Dark arise





DANZA MODERNA

PERSOAS PREMIADAS

1º premio	Judith Roca Cruz
2º premio	Pablo Vázquez Durán e Saray Amorín (Colectivo DeXeito)
3º premio compartido	Noelia Prado Meizoso e Claudia Pazos Costa (Clones)
3º premio compartido	Alba Meijide Blanco, Bruno Orosa Aldrey e Daniel Suárez Fernández

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Lara del Carmen Meneses Álvarez
Directora xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Raquel González García
Armando Martén Caballero
Mercedes Suárez Rodríguez
Olga Cristina Ruiz López
Bárbara Piñeiro Vidal

Secretaría

M.ª Belén Pardal García



1º premio

Judith Roca Cruz

Lugo, 2003

Fronte a fronte pon en escena a loita continua que existe no mundo da danza, no que a perfección ou técnica se opoñen á creatividade e á liberdade de cada individuo, cuestionando, desta maneira, a importancia que recibe cada unha delas e como deben convivir para atopar o equilibrio. *Fronte a fronte* representa todo o exposto a través de dúas personaxes que habitan nun mesmo corpo: a cor vermella adopta a figura de *Galo vermello* e representa a creatividade, e a cor negra encarna, a través da figura do *Galo negro*, a perfección e a técnica, facendo referencia ao nome da canción *Gallo rojo, gallo negro*.


FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2011-2015. Grao elemental de Danza Clásica, Conservatorio Profesional de Danza de Lugo
- 2015-2021. Grao profesional de Danza Clásica, Conservatorio Profesional de Danza de Lugo
- 2015-2016. Baile deportivo, Escola de Danza Star Dance (Lugo)
- 2020-2021. Interpretación, Escola Palimoco (Lugo)
- 2021-2022. Formación en artes escénicas, Escola Talitha Cumi (Valencia)
- 2022-actualidade. Grao superior en Coreografía e Interpretación de Danza Contemporánea, Conservatorio Superior de Danza de Valencia

 @Judithrocaa_

Fronte a fronte





2º PREMIO

Pablo Vázquez Durán

Santiago de Compostela (A Coruña), 2003

Saray Alonso Amorín

Gondomar (Pontevedra), 2003

[Colectivo DeXeito]

O 13 de novembro de 2002, un petroleiro liberiano con procedencia das Bahamas realiza unha chamada de socorro ante a costa de Galicia e o 19 de novembro, tras intentar afastalo das costas, partiuse en dous e afundi ocasionando unha vertedura de cru que provocou un dos maiores desastres ecolóxicos da historia de España. Este desastre provocou unha mobilización popular chamada Nunca Máis, unha onda de solidariedade para limpar a costa afectada e que reclamou responsabilidades medioambientais, xudiciais e políticas.

Con *Silencio afogado* buscamos contar a historia a través da danza, creando a nosa propia representación do suceso, as consecuencias e o movemento. Pola súa vez, invitamos o público a reflexionar sobre a fragilidade do noso contorno e da importancia da acción colectiva en situacións de emerxencia. Retratamos a realidade do pobo galego e conmemoramos a todas esas persoas que axudaron á costa galega ante o chapapote.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2021-2024. Grao profesional de Danza Contemporánea, Real Conservatorio de Danza Mariemma (Madrid)

2024-actualidade. Bolseiros na formación de Des-calzinha Danza

Silencio afogado





3º PREMIO COMPARTIDO

Noelia Prado Meizoso

Oleiros (A Coruña), 2005

Claudia Pazos Costa

A Coruña, 2006

[Clones]

Lazos quebrados explora a delicada e complexa dinámica dunha amizade que perde o seu equilibrio, amosando o impacto emocional que xorde cando unha relación de apoio se transforma en algo tóxico. Os movementos da peza trazan un camiño de sentimentos enfrontados, revelando tanto o apego como o peso dunha amizade que xa non é saudable.

A idea da peza xurdiu como unha reflexión sobre os lazos que nos atan, mesmo cando causan dor. A música, escollida de forma coidadosa, intensifica a tensión poñendo en escena momentos de conflito e liberación. Ao longo da peza móstrase a loita interna por atopar unha saída e que, ás veces, para recuperar a paz, cómpre romper aqueles lazos que xa non nos permiten medrar.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

Noelia Prado Meizoso

2022-2024. Grao profesional de Danza Clásica, Conservatorio Profesional de Danza da Coruña

2023-actualidade. Estudos de grao en Nanociencia e Nanotecnoloxía, Universidade da Coruña

2024-actualidade. Estudos de posgrao, Conservatorio Profesional de Danza da Coruña

Claudia Pazos Costa

2013-2024. Grao profesional de Danza Clásica, Conservatorio Profesional de Danza da Coruña

2024-2025. Estudos de grao en Deseño de Moda e Patronaxe

Lazos quebrados





3º PREMIO COMPARTIDO

Alba Meijide Blanco

Vigo (Pontevedra), 2006

Bruno Orosa Aldrey

Vigo (Pontevedra), 2001

Daniel Suárez Fernández

Vigo (Pontevedra), 2000

Go natural é unha homenaxe ao hip-hop como estilo e como cultura. Representamos o noso estilo, a nosa historia e valores. Queremos que se deixe de ter prexuízos cara ao hip-hop e demostrar que é unha forma de expresión artística única.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

Alba Meijide Blanco

2022-2024. Bacharelato, IES Alexandre Bóveda

2024-actualidade. Estudos de grao en Linguas Estranxeiras, Universidade de Vigo

Bruno Orosa Aldrey

2017- 2019. Bacharelato, IES Alexandre Bóveda

2019-2024. Grao en Economía, Universidade de Vigo

2021-actualidade. Profesor de danza, DA Vigo

Daniel Suárez Fernández

2012-2018. Ensinanza secundaria obrigatoria (ESO), IES San Tomé

2018-actualidade. Profesor de danza urbana

 @runo.orosaa

 @danisuareezz

Go natural





DESEÑO DE XOIAS

PERSOAS PREMIADAS

1º premio	Raquel Martín Míguez
2º premio	Yago Piñeiro Portela
3º premio	Isani Diana Gil Antón

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Lara del Carmen Meneses Álvarez
Directora xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

M.ª Noelia Peña Pérez
José María Mayer Segade
Miguel Gregorio Rodríguez Bertojo
Alicia Martínez Casals
Elena Fabeiro Castro

Secretaría

M.ª Pilar Lorenzo Vilar



1º premio

Raquel Martín Míguez

A Coruña, 1994

Orixe recolle nunha colección de tres pezas a tenrura da morriña e o abrupto da natureza. A dita colección está inspirada nunha rexión da costa atlántica galega chamada Seixo Branco, lugar que ten como peculiaridade unha veta de cuarzo branco que destaca entre os acantilados. Foi alí onde pasei a maior parte da miña infancia, polo que constitúe un principio fundamental das miñas raíces. É por isto que as formas e peculiaridades deste lugar compoñen a base do proxecto, combinándose na procura de crear un conxunto de xoiería íntimo que faga referencia á miña procedencia.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2023-2024. Técnico superior en Xoiería Artística

2024. Aprendiz en taller de xoiería

Orixé





2º premio

Yago Piñeiro Portela

Cangas (Pontevedra), 2005

Orquídeas representa unha visión contemporánea grazas á súa estética minimalista, establecendo un contraste entre a delicadeza e a innovación e ofrecendo algo diferente para todos aqueles que buscan expresar o seu estilo propio.

Cada peza da colección *Orquídeas* está coidadosamente elaborada para reflectir a elegancia e a sofisticación das flores, mentres incorpora a rebeldía e a individualidade asociadas cos piercings. As pezas combinan técnicas tradicionais de taller no tratamento do metal, pero tamén incorporan materiais alternativos como o plástico deformado con calor. Así, os deseños presentan formas orgánicas combinadas con elementos en prata que lembran a estética punk dos piercings.


FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2021-2023. Bacharelato na modalidade de Artes Plásticas, IES María Soliño

2023-actualidade. Grao superior en Xoiería Artística, EASDMM

Orquídeas





3º premio

Isani Diana Gil Antón

Leganés (Madrid) 2003

A colección ten como obxectivo fusionar de maneira harmoniosa dúas artes milenarias: o *origami* e a xoiería. Trátase de explorar as características dos materiais onde contrastan a delicadeza e a capacidade de transformación do papel coa solidez e o brillo do metal.

A colección divídese en 3 pezas:

Pasador: inspírase nas dobreces do papel e o seu reflexo no metal xerando unha continuidade estética.

Pendente: continúaase dando protagonismo ao papel que está engastado delicadamente ao metal, que adquire un aspecto máis orgánico.

Broche: creado en 3D seguindo os patróns do papel do pasador transformado nunha figura orgánica e producido a través da técnica de microfusión.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2021-2025. Grao en Deseño Gráfico e Creación Dixital

2023-2025. Estudos superiores en Xoiería Artística

A harmonia do origami e o metal





DJ (DISC-JÓCKEY)

PERSOAS PREMIADAS

1º premio	Anxo Fernández Costas
2º premio	Lidia Fraga Mascarell
3º premio	Jorge Luis Pardo-Ciorraga Molina

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Lara del Carmen Meneses Álvarez
Directora xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

André Vázquez Riveiro
Víctor Manuel Flores Pérez
José Patiño Riveiro
Michael Rodríguez Chenlo

Secretaria

Amelia Signiorini Vilaríño



1º PREMIO

Anxo Fernández Costas

Ponteareas (Pontevedra), 2000

A miña obra *A technocicleta de Muíños* consistiu nunha sesión DJ con música *techno* enriba dunha bicicleta tándem. Este set foi gravado polas rúas do Porriño, nas súas festas locais, durante unha marcha ciclista. Debido á infraestrutura do proxecto, na proba final presento o mesmo son pero esta vez nunha cabina DJ estándar, para así agregar unha maior complexidade técnica. Con esta sesión quero dar valor á rica cultura *techno* que temos en Galicia dende os anos 80. A selección musical baséase en grandes éxitos da música electrónica nacional e internacional, dende cancións clásicas ata os últimos lanzamentos.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2023-2024. Enxeñeiro de Sistemas, Altia, S. A.

2024. Grao en Enxeñería Informática, Universidade de Vigo

2024-actualidade. Mestrado en Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas, Universidade de Vigo

2024-actualidade. Enxeñeiro de Validación de Sistemas, Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG)

 @muinhos

 @djmuinhos

 soundcloud.com/anxo-fernandez-costas

A technocicleta de Muñíos





2º PREMIO

Lidia Fraga Mascarell

A Coruña, 1997

A obra presentada trata de capturar os sons escuros e profundos do *techno* hipnótico, acompañados de ritmos *groove* que lle achegan dinamismo e diversión ao set para que non poidas deixar de bailar. Rómpeuse cos canons habituais da música electrónica comercial co obxectivo de achegarse a esa cultura menos popular e *underground*.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2006-2014. 4º grao profesional de Viola, CMUS Profesional da Coruña

2015-2019. Grao en Enfermería

2019-actualidade. Enfermeira, Sergas

 @djmascarell

 soundcloud.com/MASCARELL

Darkness session





3º PREMIO

Jorge Luis Pardo-Ciorraga Molina

A Coruña, 1995

Fixen este DJ set, que leva por título *Entre tebras*, nunha fin de semana que pasei no Val de Tebra, en Tomiño. É unha sesión que busca fusionar diferentes xéneros e estilos musicais, algúns afastados entre si, pero sempre buscando harmonía sonora e unha atmosfera ecléctica e envolvente. Nos case 20 minutos que dura a sesión atopamos xéneros como *jersey club*, *funk*, *afrobeats*, *tech house* e ata *dembow*.

O vídeo tamén está gravado no propio Val, o que achega outro contexto a este tipo de sons que case sempre estamos acostumados a escoitar na nocturnidade e escuridade dos locais, polo que se xera un contraste interesante e equilibrado entre club e natureza.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2020-2021. Mestrado en Dirección e Administración de Empresas

2020-2023. Camareiro de sala

2023-2024. Traballador autónomo

Entre tebras





FOTOGRAFÍA

PERSOAS PREMIADAS

1º premio

María Alborés Lojo

2º premio compartido

Bruno Veloso Iglesias

2º premio compartido

Daniel Pérez Domínguez

3º premio compartido

Aldara Vázquez Estévez

3º premio compartido

Leire Ramallo Jurado

Mención de honra

Alba Amoedo Cal

Mención de honra

Iago Lourido Calvo

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Lara del Carmen Meneses Álvarez

Directora xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Xoán Xosé Arias Soler

Xoán Álvarez Rey

Emilio Lavandeira Villar

Fernando Blanco Rajo

Sandra Alonso Suárez

Secretaría

M.^a Belén Pardal García



1º PREMIO

María Alborés Lojo

Boiro (A Coruña), 1998

Unha vida marcada pola loita, a dor e a resiliencia: unha guerra, unha posguerra, unha ditadura, un naufraxio, tres fillos, 43 anos e unha máquina de coser. Fixo do sufrimento unha forza transformadora.

Aos 90 anos, esta historia non é un relato de debilidade, senón unha testemuña de fortaleza.

Un espírito indomable e inesquecible.

Rosa (13 de abril 1930 - 14 de outubro 2020).

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2016-2021. Esdemga, Universidade de Vigo

2019-2021. Grao universitario en Belas Artes, Universidade de Vigo

2021-2024. Grao universitario en Artes Visuais, Departamento de Moda, Royal Academy of Fine Arts, Amberes (Bélxica)

2021-actualidade. Mestrado en Artes Visuais, Departamento de Moda, Royal Academy of Fine Arts, Amberes (Bélxica)

2022 e 2023 (xuño-agosto). Desenvolvemento de tecidos, materiais e gráfica. Consultora e deseñadora de moda, HDE Studio (Henriette Ernst)

Non é debilidade, é fortaleza





2º PREMIO COMPARTIDO

Bruno Veloso Iglesias

Vigo (Pontevedra), 2000

Bágoas presas é unha serie fotográfica que aborda o sentimento de estar atrapado nas emocións máis profundas durante un mal momento. A través das imaxes, exploro a loita interna de sentirse prisioneiro dos propios sentimentos, incapaz de liberarse ou expresar a dor, nin sequera cunha simple lágrima. As fotografías reflicten a intensidade e a confusión emocional que pode acompañar esas etapas escuras da vida, pero tamén transmiten un xiro fundamental: o proceso de superación.

A medida que se avanza, hai un clic mental, un momento de claridade que permite atravesar a néboa que nos impide avanzar. Este traballo simboliza a transformación do sufrimento a través do autoconecemento e da forza interna, capturando o instante no que comeza a superarse a escuridade.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2018-2022. Grao en Comunicación Audiovisual, Universidade Carlos III de Madrid (UC3M)
- 2022. Bolseiro de produción na serie *Historias para no dormir*
- 2023. Reforzo de produción na serie *Asunta*
- 2024. Dependente de tenda en Inditex
- 2024-2025. Mestrado en Dirección de Arte en Publicidade, Universidade de Vigo

Bãgas presas





2º PREMIO COMPARTIDO

Daniel Pérez Domínguez

A Estrada (Pontevedra), 2001

Pensamentos é unha representación visual de como flúe a nosa forma de pensar segundo as situacións, así como de que todo pode xogarnos en contra e nós manter a nosa posición, a fixación cara ao noso obxectivo ou as ás que obtés. É unha creación baseada en manter os nosos obxectivos e visión de quen somos, a pesar de todo o caos e obstáculos que podemos obter polo camiño ao noso crecemento persoal.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL


2021-2023. Ciclo superior de Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos

2023-2024. Axudante de edición, grafista e múltiples postos referentes a televisión en Tex45 para programas como *Imos ao Choio* ou o *Quen anda aí?*

 @iron_daniels_/

Pensamentos





3º PREMIO COMPARTIDO

Aldara Vázquez Estévez

Vigo (Pontevedra), 2000

Traspasar explora a dinámica entre o corpo feminino e a mirada que o observa. O acto de mirar é unha constante na historia da arte, dende *Étant donnés* ata *A ventá indiscreta*. En ambas sitúasenos na posición do *voyeur*, unha persoa espectadora que invade a esfera privada, adentrándose no íntimo e persoal.

A fotografía pode capturar a fugacidade, fragmentando o corpo en imaxes que subliñan o detalle, pero tamén reforzan o escrutinio ao que historicamente foi sometido o corpo feminino. Nesta peza, as imaxes son intervidas con fíos, un xesto que suxire tanto o acto de cubrir como de protexer o corpo, velándoo con cálidas febras.

A obra, delicada e suxestiva, invita a participar activamente: romper, cortar ou desatar os fíos nun xesto simbólico que cuestiona os límites entre o propio e o alieo. *Traspasar* propón unha reflexión sobre o consentimento e a pasividade, propoñendo un novo diálogo sobre a mirada e o respecto dos límites corporais.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL





2022-2023. Mestrado en Prácticas Artísticas Contemporáneas


2022. Prácticas profesionais en Estudio Índigo Têxtil (Titulcia, Madrid)

2023. Profesora de bacharelato de Artes

Actualidade. Programa de doutoramento en Creación en Innovación en Arte Contemporánea

Traspasar





3º PREMIO COMPARTIDO

Leire Ramallo Jurado

Vigo (Pontevedra), 2003

Esta serie ten como obxectivos explorar as posibilidades da fotografía a través da rugosidade e a textura, así como a experimentación cos elementos técnicos, tanto á hora do disparo como na edición. A nivel conceptual pretende explorar a idea de memoria a partir da imaxe onírica e da narración visual.


A través da estética pictorialista preténdese conectar coa idea da memoria e do recordo como imaxe difusa e borrosa. Por iso, utilízanse a mestura de cores e as este-las como recursos técnicos, xa que se pretende crear unha atmosfera e unha aura suxestiva para a fotografía.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2021-actualidade. Grao en Belas Artes

Vestixios





MENCIÓN DE HONRA

Alba Amoedo Cal

A Lama (Pontevedra), 2002

Centrada sobre todo no concepto da ánima e a súa relación co corpo tras da morte, nace esta serie de 6 imaxes dixitais titulada *Esse sine anima*.

Esta serie orixínase a partir dun poema propio no que unha ánima, en forma de paxaro, abandona o corpo saíndo pola boca, recuperando a súa orixinal liberdade. Está inspirada tamén na crenza medieval de que as mulleres quizais eran seres sen alma e baseada nos apuntamentos teóricos de Isabel Tejeda, nos que suxire que existe unha relación entre a pureza (moral) do individuo e a súa vontade, referida a estes "corpos ingravidos" que teñen a capacidade de voar, pero que non soamente están relacionados cos seres puros ou anxelicais, senón tamén cos impuros como as bruxas e as pantasma.

Esta idea que propón Tejeda é máis atractiva cando se inclúe a revisión de xénero (é aí onde afecta a vontade do corpo en voar ou non), pois exemplifica con María de Nazareth, muller que supón o cume de moralidade e pureza pero que, por suposto, carece de calquera tipo de vontade ou interese propio e que, por tanto, é elevada, non voa. En cambio, aquelas mulleres con vontade terán un voo autónomo, pero serán impuras e representadas como bruxas, etc.


FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2020-2024. Grao en Belas Artes

2024-2025. Mestrado en Arte Contemporánea,
Tecnolóxica e Performativa

 @albaamoedo_

Esse sine anima





Mención de Honra

Iago Lourido Calvo

Ferrol (A Coruña), 2004

Dende hai anos os bombeiros de Galicia levan en loita contra as administracións co obxectivo de conseguir unhas condicións de traballo dignas, persoal e unha paga proporcional á profesión que desenvolven e os riscos que corren. Durante o ano 2023 levaron a cabo unha serie de manifestacións e actos multitudinarios cos que foron o máximo punto de atención para a cidadanía. Neses actos recorreron as principais cidades galegas, acamparon na Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela durante varios meses ou realizaron pequenos sketches reivindicativos nos que, entre outros, chegaron a prender lume en vivo.

Esta reportaxe busca gardar rexistro e dar voz a esa loita que un sector da nosa sociedade, desgraciadamente algo infravalorado polos mandatarios, mantén e seguirá mantendo ata que o seu oficio sexa seguro e digno.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2020-2022. Bacharelato de Artes

2022-2024. Técnico superior de Artes Plásticas e Deseño na especialidade de Fotografía, EASD Mestre Mateo

2023. Fotógrafo e encargado de RRSS da ONG Briegal

2024. Produción no certame audiovisual ChanfainaLAB

Queimados





MODA

PERSOAS PREMIADAS

1º premio

Uxía Loureiro Caamaño

2º premio

Ana Román Rodríguez

3º premio

Laura Villar Loureiro

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Lara del Carmen Meneses Álvarez

Directora xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Zoe García Rey

Belén Correa Corredoira

Patricia García Lema

María de Fátima Díez Platas

Gala Alba Vázquez Torrado

Secretaría

Isabel Montero Pereira



1º PREMIO

Uxía Loureiro Caamaño

Ponteareas (Pontevedra), 2000

Corpus Christi é unha colección de cores vivas e estampados rechamantes inspirada na festividade de arte floral de Ponteareas, coñecida por ser “A Vila do Corpus”.

É unha colección que quere dar a coñecer as súas raíces e a súa festa tradicional, dándolle unha nova visión, achegando novas técnicas e deseños baseados na creación dunha colección con entidade propia e con 0 residuos na súa produción.

Nela expónse a reciclaxe e aproveitamento de todos os materiais de anteriores proxectos, para darlles unha segunda vida, mediante a técnica de *patchwork* creando estampados aleatorios con flores festoneadas.

Esta mostra rende homenaxe ás mulleres da miña familia e a todas as demais alfombristas que pasaron de xeración en xeración este costume, xa que sen elas non seríamos o que somos.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018-2020. Técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Estilismo de Indumentaria, Tex-moda

2020-2024. Grao de Deseño de Moda, EASD Mestre Mateo


2023. Prácticas de moda, Dominnico-Barcelona

2024. Mestra de Debuxo de Moda, Técnicas e Titulización de TFC, Tex-moda

2024-actualidade. Patronista, confección de pezas de vestir e complementos (peletería e coiro) e departamento de deseño de colección.

Corpus Christi





2º PREMIO

Ana Román Rodríguez

Pontevedra (Vigo), 2002

Lilas é unha colección inspirada no cadro *O xardín do artista en Giverny* de Claude Monet e no deseñador Paco Rabanne.

A pintura de Monet represéntase mediante a aplicación de flores tecidas, texturas e tons lilas tan característicos da obra. A delicadeza do seu traballo reflíctese a través do uso de tecidos delicados e transparentes como a organza. Os estampados tamén fan referencia a esta delicada parte, xogando cos volumes e superpoñendo pezas fluídas.

Por outra banda, réndeselle homenaxe a Rabanne recreando as pezas redondas que tanto caracterizan os seus deseños, pero realizadas con resina en lugar de metal.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL


2020-2022. Ciclo medio en Confección e Moda, CIFP Manuel Antonio

2022. Prácticas de confección en Artesanía Granlei

2022-actualidade. Estudos superiores de Deseño de Moda, Pin Factory

Lilas





3º PREMIO

Laura Villar Loureiro

Guitiriz (Lugo), 2002

A colección *Lembranza* achega elementos valiosos que contribúen á preservación e valorización cultural.

Por unha banda, busca representar a esencia dos oficios e a artesanía tradicional de Galicia, destacando a súa riqueza cultural que se atopa ameazada pola falta de remuda xeracional e pola industrialización. Neste sentido, a colección reivindica a importancia de preservar estas actividades históricas fundamentais para a identidade galega.

Por outra banda, as pezas, inspiradas nas décadas de 1900 e 1960 están confeccionadas de maneira artesanal utilizando tecidos tradicionais como algodón, la, pana e coiro. Ademais, incorporan técnicas propias de traballos en coiro, cestería e ilustración, conectando a moda coa tradición artesanal.

A colección tamén promove unha visión inclusiva e moderna, xa que os deseños inclúen transparencias e cortes que desafían os roles de xénero clásicos. Finalmente, *Lembranza* combina referencias contemporáneas e locais ao inspirarse en marcas recoñecidas como Fendi e Jacquemus, así como en artesáns galegos como Idoia Cuesta, creando unha fusión entre o global e o tradicional.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2020-2024. Grao de Deseño de Moda, EASD Mestre Mateo

2024. Bolseira, Idoia Cuesta – Unipeku, S. L.

2024-actualidade. Mestrado en Deseño Gráfico

 @lauravillar.studio

 @lauravillar67

Lembranza





MÚSICA

PERSOAS PREMIADAS

1º premio

Sara Gimeno Ares

2º premio

Juan Arca Figueroa, Gonzalo Rodríguez Alonso e Sunil Manuel López Mahbubani

3º premio e premio especial de música clásica

Pablo Sexto Rosende, Roi Alfonso Tojo e David Somavilla Herrera

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Lara del Carmen Meneses Álvarez

Directora xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Marcos Vázquez Silva

Salvador García Cal (Salva Ronko)

Marián Romero Romero

Rosa María Cedrón Fernández

Carlos Daniel Landeira Pena

Secretaría

Amelia Signiorini Vilariño



1º PREMIO

Sara Gimeno Ares

Cangas (Pontevedra), 2003

A obra presentada consta de dous temas: *Quérote*, un bolero a guitarra e voz e *Dans les rues de Bordeaux*, un *rhythm&blues* con teclado, banxo, batería e voz. Estes temas son moi distintos entre si, pero ambos tratan un tema común: a nostalxia.

Quérote é unha canción dedicada a un ser querido que xa non está, unha carta que fala sobre a aceptación da súa perda, por moi dolorosa que sexa. Está enteiramente composta por min e na versión presentada a guitarra está interpretada por María Navarro.

Dans les rues de Bordeaux recorda unha vida noutra cidade, chea de novas experiencias e amizades que fan posible o crecemento como persoa de quen a canta. Está inspirada na miña experiencia como estudante de Erasmus en Bordeos. A versión presentada foi composta, interpretada e producida por min, a excepción da liña de baixo de Antón Noche.

 @_saragimeno

 @_saragimeno

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2012-2024. Clarinete na Banda de Música Belas Artes de Cangas
- 2017-2021. Grao profesional de Clarinete, CMUS Profesional de Cangas
- 2020-2024. Clases de clarinete na escola da Banda de Música Belas Artes de Cangas
- 2021-2024. Grao en Comunicación Audiovisual, Universidade de Vigo
- 2022. Concerto en Celanova co grupo Déjà Blue
- 2022-2024. Clases de canto con Carmen Rey Quintela
- 2023. Concerto con Víctor Chao, como parte do evento COTT 23 nas Festas do Cristo de Cangas do Morrazo
- 2024. Concerto con Nosoymeri no evento Village de l'Amérique Latine de Latino Mex Bordeaux en Bordeos
- 2024. Vocalista no programa de concertos Solpor con Sara en La Ciénaga en Cangas do Morrazo
- 2024. Segundo premio no XXI Premio de Maquetas de Música convocado pola Universidade de Vigo

Quérotee Dans les rues de Bordeaux





2º PREMIO

Juan Arca Figueroa

Vigo (Pontevedra), 1996

Gonzalo Rodríguez Alonso

Vigo (Pontevedra), 1994

Sunil Manuel López Mahbubani

Nyon-Vaud (Suíza), 1995

Sangue no canal pretende ser unha homenaxe á música dos anos 60 e 70, facendo uso do intercambio modal de xeito similar a bandas coma os Beach Boys ou os Zombies. Os arranxos vocais e orquestrais remiten a referencias como *Mediterráneo* de Serrat, mentres que a última sección, escrita para trío de violonchelos, pretende imitar a sonoridade de *Eleanor Rigby* dos Beatles, adaptada no directo para guitarra, piano e sintetizador.

Peixe no millo é probablemente a composición que mellor representa a nova formación a trío de Lontras, xa que foi o primeiro arranxo no que os tres integrantes tiveron un papel decisivo. A canción componse de dúas partes nas que a aparente levidade das estrofas, dominadas polos acordes maiores da guitarra, contrastan nos retrousos coa presenza ominosa do baixo e as ameazantes liñas ascendentes do piano.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

Juan Arca Figueroa

2019. Grao superior en Guitarra Clásica, Real Conservatorio Superior de Música de Madrid

2022. Profesor de guitarra, Garaxeland

Gonzalo Rodríguez Alonso

2021-2022. Mestrado en Formación do Profesorado en Educación Secundaria, Bacharelato e FP, UNIR

2022-2023. Mestrado en Composición, Jazzcampus de Basilea (Suíza)

2023. Profesor de piano, Sonbeat


Sunil Manuel López Mahbubani

2023. Músico autónomo

2023-2024. Mestrado en Investigación Musical, UNIR

Sangue no canale Peixe no millo





3º PREMIO E PREMIO ESPECIAL DE MÚSICA CLÁSICA

Pablo Sexto Rosende

Santiago de Compostela (A Coruña), 2004

Roi Alfonso Tojo

Teo (A Coruña), 2003

David Somavilla Herrera

Santander (Cantabria), 2003

Paganini lost de Jun Nagao é unha obra contemporánea para dous saxofóns e piano que reinterpreta e reimaxina o virtuosismo do famoso violinista e compositor italiano Niccolò Paganini. Jun Nagao, compositor nipón coñecido polas súas innovacións na música para vento, explora nesta peza o virtuosismo extremo e o dinamismo, rendendo homenaxe ao estilo e ás esixencias técnicas das composicións de Paganini, pero cun xiro moderno. A obra fai referencia ao famoso *Caprice No. 24*.

**FORMACIÓN ACADÉMICA /
EXPERIENCIA PROFESIONAL**
Pablo Sexto Rosende

2022. Grao profesional de Música. Especialidade Saxofón

2022-actualidade. Grao superior de Música. Especialidade Saxofón

2024. Concertos no Conservatorio Superior de Música de Castilla y León, Museo Casa Lis e na Colexiata do Sar

Roi Alfonso Tojo

2021. Grao profesional de Música. Especialidade Saxofón

2022-actualidade. Grao superior de Música. Especialidade Saxofón

2024. Concertos no Conservatorio Superior de Música de Castilla y León, Museo Casa Lis e na Colexiata do Sar

David Somavilla Herrera

2022. Grao profesional de Música. Especialidade Piano

2022-actualidade. Grao superior de Música. Especialidade Piano

2024. Concertos no Conservatorio superior de Música de Castilla y León, Museo Casa Lis e na Colexiata do Sar

Paganini loste Valse





NOVELA CURTA

PERSOAS PREMIADAS

1º premio	Alba Guzmán Falcón
2º premio	Aarón Barreira Diz
3º premio	Marcos Gómez Ramos
Mención de honra	Adrián Noia Vázquez

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Lara del Carmen Meneses Álvarez
Directora xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Armando Requeixo Cuba
Elena Gallego Abad
Ramón Domínguez Veiga
Tamara Novoa Alonso
Andrea Maceiras Lafuente

Secretaría

Pilar Tamerón Montesinos



1º PREMIO

Alba Guzmán Falcón

Vilamarín (Ourense), 2003

Francisco é un rapaz especial. Se tivese que destacar algunha das súas peculiaridades, esa é o feito de estar morto. El e a súa vaca Marela quedaron entre o mundo dos vivos e dos que xa non o están tanto a modo de *zombis*, coidan que co fin de resolver o misterio do accidente que os levou a finar.

A súa principal sospeita garda relación co feito de que *Thriller* rebentou as pantallas televisivas do rural galego no Nadal de 1983 e de que Francisco, invadido polo *boom* dos oitenta, se rebautizou como Paquiño Jackson para gañar a popularidade que nunca antes tivera.

A envexa é mala, combinada coa maldade incluso perigosa. Mais, no medio da morte, hai tempo para atopar sede de vinganza e, sen pretendelo, humor.

A vinganza de Paquiño Jackson é unha verbena estrafalaria, un crime no medio dunha festa, unha mácula negra no medio do rexurdir de milleiros de cores. Esta novela busca atopar unha adolescencia esquecida hai corenta anos nunha aldea sen nome e preguntarse por que a vitoria semella que nunca está a carón dos vulnerables. Anímaste a descubrir quen matou a Paquiño Jackson?

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019-2021. Bacharelato científico-sanitario

2019-2021. Delegada en ligas de debate e organización de eventos para fomentar o sentimento crítico e coñecementos na mocidade europea, European Youth Parliament (EYP) Spain

2022-actualidade. Voluntariado cultural

2023-2024. Membro do equipo técnico e organizativo das edicións 39 e 40 da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

2023-actualidade. Grao en Enxeñería Biomédica

2024. Intérprete lingüista (tradución inglés-galego/español) de diferentes profesionais de formación da Escola Galega de Clown

 [alba.guzmanfalcon/](https://www.facebook.com/alba.guzmanfalcon/)

 [@albaguzzman](https://www.instagram.com/albaguzzman)

A vinganza de Paquiño Jackson (fragmento)

A FORZA DA CADEIRA

Nacín fillo de solteira, un xeito bastante desprezativo de catalogar a aqueles que non tiñamos pai coñecido, nun xérido decembro de 1966. A verdade é que nesa época carecer do suxeito paterno non lle daba moito prestixio ás nais solteiras, sinaladas acotío polo dedo acusador das veciñas que asexaban desconfiadas os seus maridos. Algo similar, aínda que de forma máis discreta, sucedía con eses rapaces nados do pecado, escrutados a miúdo polas desconfiadas esposas na procura dalgún trazo fisionómico que revelase a identidade do pai. Hoxe, coa tranquilidade que dá a morte, comprendo que aquela falsa moral, unha decencia obscena, non deixaba de ser un disfrace para camuflar a súa infelicidade.

Así que sen case axudas, nesa Galicia escura, mamá tivo que desempeñar o rol de pai e nai combinando o sacho e a agulla para sacarme adiante, unha tarefa nada doada naquela sociedade patriarcal.

Os fatídicos apelidos, Pernas Leite, herdeiros da miña nai, pero o nome de Francisco —axiña Paco para todos os veciños—, foi elección de don Braulio, o cura da parroquia. Segundo me contou mamá, cando tiveron algo de alcance para entendelo, o crego escolleuno na honra a Francisco de Asís, o fundador da orde relixiosa na que andara de novo exercendo de misioneiro alá polos mundos de Deus.

Contaban os máis lonxevos que o párroco, un mozo ben parecido daquela, tiña alma de aventureiro revolucionario e por iso marchara un par de anos para intentar clarificar as dúbidas existenciais que mantiña coa relixión católica e, asemade, consigo mesmo. De regreso á freguesía carrexara certas ideas comunistas que non agradaron moito aos devotos, pero, pouco a pouco, foinos gañando a base de ofrecerlle beneficiosos consellos. Entre eles estaban, por nomear algún, a introdución de melloras nas técnicas de produción das terras, axudas para tramitar documentacións complexas e un largo etcétera que o levou a ser un personaxe respectado e querido polos veciños.

De todo este embrollo apenas lembro nada pois eu era moi cativo, pero xamais esquecerei como ese home, o cura mal visto pola diocese, acabou por converterse para nós nun anxo salvador naqueles tempos tan precarios.

Foi grazas á súa intervención, e os múltiples contactos que posuía, como logramos aforrar cinco pesos e así non pasar fame nin frío neses anos. Don Braulio, sempre xeneroso, conseguíulle traballo a mamá no servizo das mellores casas podentes da comarca e ademais cedeunos, sen renda algunha, os lameiros propiedade da parroquia para que a Rubia e a Marela, as nosas vacas, gozasen de pasto na primavera e nunca faltase herba seca na palleira para aturar os meses de xeadas.

Con el recibín a primeira comunión, e tamén con el mantiven, daquela maneira, as primeiras conversacións filosóficas mentres preparabamos a cerimonia. Non lembro demasiado disto, pero o que me queda de cerebro —ben sabedes que pouco—, reproduce esporadicamente algunha desas chácharas.

—Debes saber, Paco, que como se narra no libro dos Efesios 4:6 existe un só Deus e Pai de todos, que está sobre todos, por todos e en todos.

—Entón, don Braulio, o Pingallo e mais eu somos irmáns?

—Por que dis iso, Paco?, o Pingallo xa ten o seu propio pai.

—Como afirma vostede que todos somos fillos do mesmo pai.

—Non, non entendiches nada pailán. Deus é o pai de todos, tamén do pai do Pingallo.

—Xa. Entón o meu pai, quen é?

—Deus, Paco, o teu pai é Deus.

—Pero...

—Anda, esquece o asunto, toma este caramelo e vai xogar —rendíase o pobre ante o meu acoso.

[...]



2º PREMIO

Aarón Barreira Diz

Ourense, 1996

A novela *Carmilla e achegados* é unha historia de realismo máxico inspirada en *Merlín e familia* de Álvaro Cunqueiro, pero adaptada a un estilo moderno e persoal. A figura central é a de Carmilla, a vampiresa de Sheridan Le Fanu, quen se traslada cada verán coa súa parella Laura e o seu servizo a unha pequena casa en Nigrán. Alí reciben de cando en vez a visita de diversas amizades e criaturas de contos clásicos, mitos, *creepypastas*, os mitos de Cthulhu e outras figuras da ficción. Todas estas peculiares situacións nárranse a través dos ollos dunha moza que traballa como asistente social e recadeira de Carmilla.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2014-2018. Grao en Historia, Universidade de Santiago de Compostela
- 2020-actualidade. Grao en Enxeñería Informática e Administración e Dirección de Empresas, Universitat Oberta de Catalunya
- 2021-2022. Auxiliar de educación, Academia Kumon
- 2023-actualidade. Grao superior en Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma, IES Fernando Wirtz
- 2023-actualidade. Programador de *front-end*, Tecdesoft

 <https://egothalamumsum.wordpress.com/>

 @egothalamumsum/

 @EgoThalamumSum

 <https://www.facebook.com/profile.php?id=100083309920558>

 /@EgoThalamumSum

Carmilla e achegados (fragmento)

1. Nigrán

Se un decidise seguir o trazado da costa galega de norte a sur, deixando atrás a riqueza mergullada de Rande e o bulicio de Vigo chegaría, máis ou menos coa marea, á moi humilde e discreta terra de Nigrán, outrora moi pesqueira e moi rural, e onde tanto se plantaba unha leira de patacas como se faenaban sardiñas para as conserveiras. Diso só queda o recordo e as anécdotas para as partidas de tute, pois o tempo deu ao lugar e ás súas xentes o agasallo envelenado do turismo. Alí, co permiso do hospital de Ourense e uns anos de tenra infancia que non xeraron lembranzas dei eu os meus primeiros pasos e emitín as miñas primeiras palabras.

A cousa empezou polo meu pai, home sempre moi perfumado e arranxado ata para alcatranar nas obras da nacional, que atopara a fortuna e a estabilidade como estibador no porto de Vigo, primeiro no manual e logo no guindastre, para o que se formou cando era cuestión de moito estudo e burla para os que facían fortuna descargando apenas unha ducia de caixas. A miña nai, enfermeira e moi previsora ela, estivera resistindo no forte familiar en Ourense, coidando a miña irmá e educándome a min para atendela durante as súas gardas e cursos. Para cando o meu pai deu aviso e esixiu petates, ela xa tiña praza fixa e un traslado asegurado ao centro de saúde de Baiona.

Así foi que un tirando ao sur e outro ao norte para traballar, que decidiron botar raíces no termo medio, tomando para eles, cando aínda era posible comprar vivenda con petos modestos, unha casa en Nigrán que era obra nova mandada facer por un retornado. Ía ser o aloxamento para a súa familia enteira, pero a súa dona entrara no soño eterno e os seus fillos voaban libres e dispersos pola península, sen intención de volver xa ao fogar senón máis ben de fuxir del.


Daquela etapa, a da miña infancia máis temperá, non importa nada para o caso, o que eu quixese referir, agora que a morte xa non é un rexouba do veciño senón meu, son algúns recordos que, ben por agarimo, ben por espanto ou ben por casualidade, atesouro do que foi o meu emprego de verán durante moito tempo,

desde a miña adolescencia ata pouco antes de conseguir praza como profesora de inglés na Coruña, o que, modestia aparte, non foi mozo preto.

A situación empezou desta forma: eu, que era como o trigo e as festas, é dicir, filla do verán, acababa de cumprir doce anos, e estivera vivindo moi alegre e despreocupada polo meu porvir, que parecía tan arranxado e colocado como para permitirme, sen reparo ou preocupación, suspender catro materias do curso cuxo nome prefiro non lembrar e por motivos que non veñen a conto. Foi así que, incauta eu, dei cunha das poucas cuestións imperdoables para os meus amorosos pais, que tras aquela afronta tornaron o seu carácter ao de ogros que pedían o meu sangue cando non o meu peullo.

Así foi como me vin privada do meu tempo e da miña liberdade. Polo desaugadoiro do esquecemento e as prohibicións foron os campamentos, as festas, os entretementos e as diversións en xeral. As miñas ansiadas vacacións, exentas de responsabilidades, enchéronse de clases extraordinarias, de reproches de todas as categorías, de comparativas co bo facer da miña irmá pequena, de malas caras e de rostros co cello engurrado. Crendo non poder ir a peor comunicóuseme, como quen fala dun recado menor ou unha ampola no pé, a imposición dun traballo nun bar-restaurante dun coñecido que precisaba axuda, trataríame ben e ensinárame dúas ou tres cosas da vida de antes, de hoxe e de despois.

Por non facer festa aceptei aquel último castigo, prometendo aprender moito e ben por unha banda, e rezando pola fin da penitencia polo outro. Alí parei todo xuño e boa parte de xullo, pagada en negro para non facer contas dun traballador infantil, e facendo boas faragullas coa clientela que, máis que menos, eran veciños que sabían dos meus pais, da miña condena e que botaban de menos, en especial os máis veteranos da vida, ver a mozas gañándose o pan como en tempos. A mediados de xullo, coa chegada do turista e o persoal de reforzo para a tempada, o bar deixou de ser terra de propios para pasar a ser de estranxeiros, e onde antes me pedían o de sempre en galego e se preguntaba pola familia, agora interrogábanme polo menú do día en inglés e solicitábase a cobranza por separado. [...]



3º PREMIO

Marcos Gómez Ramos

Rianxo (A Coruña), 1999

O que ocultan as sombras é unha obra que ten como un dos principais protagonistas unha das criaturas máis perigosas da noite: un vampiro. Porén, aínda que vemos a faceta monstruosa de Liam, a presenza de Yvan axudarlle a manterse humano ata o final nos trágicos eventos que suceden na cidade de Lyon, Francia, durante o século XIX.

É unha novela na que se mestura un lixeiro terror co intimismo, achegando ademais unha pequena parte de min a todo o conxunto, transformándoa nunha das miñas obras máis persoais.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019-2021. Grao en Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma

2023. Curso de programación de sistemas

2024. Curso de seguridade informática

O que ocultan as sombras (fragmento)

*Esperta, érguete e camiña.
A escuridade nen descansa nen espera.
Bebe, sáciate e reláxate,
esta noite e todas as que veñan.*

Liam pousou a pluma con certo coidado sobre a mesa, deixando que a tinta secase nas páxinas do seu novo caderno. Decidira hai pouco comezar a escribir esa especie de diario poético, pero a idea aínda se lle facía estraña. «Todo será cuestión de acostumarse», pensou. «Tampouco é que teña moito máis que facer».

Dirixiuse cara ao armario, veloz, buscando a súa camisa branca de liño e os seus pantalóns verdes. Esa noite só tiña unha tarefa pendente, así que se deu présa para poder rematala canto antes. Vestiuse axiña, sen deterse a peitear un chisco o pelo. De todos xeitos, domar os seus rizos sempre fora imposible. Ao saír do seu dormitorio, chegoulle un fedor a fechado que sempre o obrigaba a tusir, aínda que seguía sen poder abrir as ventás.

Correu, ignorando os mobles derribados polo chan, as táboas de madeira medio desfeitas pola humidade e, incluso, a porta principal. No seu lugar dirixiuse á saída da cocíña, na parte traseira. Aí non corría o perigo de que alguén o vise.

Non importaba a que parte do xardín saíse, porque todas eran igual de rebeldes. As malas herbas crecieran ata a altura dos seus xeonllos, e as árbores que con tanto agarimo se coidaran antes, agora estaban podrecidas e apenas se mantiñan en pé. Os insectos e outros animais fixeran desa pequena xungla o seu fogar, pero ningún trataba de achegarse nunca a el. Case daba a impresión de que a súa colonia, que botaba sempre en grandes cantidades, era en realidade insecticida.

Cando por fin saíu á luz da rúa, inspirou con forza polo nariz. A ninguén lle gustaba o cheiro do río Saona, e Liam tampouco era unha excepción. O único que agradecía era encontrar un fedor diferente ao do po antes de meterse de cheo entre os canellóns, buscando a atractiva doncela que o esperaba moito máis arriba, nun dos peores bares que a cidade de Lyon podía ofrecer.

O ambiente conforme se ía acercando ao centro era cada vez máis animado. Homes bébedos que cantaban a pleno pulmón, mulleres de mala vida que os acompañaban e collían algunhas moedas de máis dos seus petos cando non miraban... Non había ninguén que non estivese de celebración. A industria da seda acababa de asentarse con forza e os traballos parecían prometer cartos e prosperidade. Todos querían un anaco dese novo pastel antes de que se esgotase.

Ao pór un pé na entrada de De la Rivière, Liam soubo de contado onde o estaban esperando. O dono do bar, o señor Bonnet, ficou mirando pra el mentres subía ao piso de arriba, cas escaleiras queixándose a cada paso que daba. Daba a impresión de que o establecemento, con mesas non moi limpas e cadeiras incómodas, podía virse abaixo en calquera momento, pero era un dos poucos lugares da cidade onde non o querían botar a patadas. Non importaba as veces que explicase que xa tiña idade pra beber; algúns preferían non arriscarse ao ver o seu rostro medio aniñado.

Se podía entrar alí sen perigo era porque coñeceran a seu pai. Ao chegar arriba non tivo problema ningún en atopar a súa cita daquela noite. Dous corentóns tamén a miraban con lascivia. Era unha moza ben vestida, de pel branca e fina. O pelo castaño caíalle ata os ombros, os beizos sen ningún deses tons artificiais que tanto se poñían agora as actrices... Toda unha beleza á vista de calquera.



Mención de Honra

Adrián Noia Vázquez

Santiago de Compostela (A Coruña), 2001

Sara descobre o retrato da súa bisavoa Encarnación cando a súa avoa está a piques de morrer por mor dunha enfermidade dexenerativa. O único que sabe dela é que morreu por unha pneumonía cando Fina era unha cativa, aínda que a causa sempre foi disputada na familia. A través da singular fotografía de marco de cartón, alentada polo don inefable da súa propia nai Alicia para recrear o pasado, Sara traza o último percorrido da vida de Encarnación, despois de coñecer a vida trágica de Luisa Carnés e de ir ao enterro prematuro da nai do seu mozo Roberto. Grazas a iso, achégase á memoria doutras mulleres que durante a guerra civil e a ditadura padeceron a soidade indesexada, coma María Civera Caudet, a nai do seu tío, Ascensión Mendieta ou Melchora González Soto. Sempre coa meta de achar a sepultura de Encarnación, levarlle a ela unhas margaridas e, en definitiva, facerlle boa xustiza, Sara encóntrase a si mesma e resígnase cando aquilo polo que tanto devecía se volve imposible no presente.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2019-2023. Grao en Lingua e Literatura Españolas
- 2023-2024. Auxiliar de conversa no estranxeiro, Ministerio de Educación, FP e Deportes (Lisboa)
- 2024-actualidade. Mestrado en Formación do Profesorado
- 2024-actualidade. Bolseiro de formación en biblioteconomía, Biblioteca de Galicia

 <https://adriannoia.gal>

 @driannoia

 <https://www.facebook.com/adriannoia/>

A muller dos ollos tristes (fragmento)

I.

Sara non sabía que iso mesmo lle ocorrera á súa propia avoa. Apenas coñecía a historia familiar e, para canto máis, a vida dunha persoa que case non falaba. Estaba sentenciada ao silencio por unha estúpida enfermidade dexenerativa que a prostrara nunha butaca vella e incómoda, sen que puidese queixarse de nada.

Esa era a estampa que Sara vía todos os días cando chegaba da escola. Unha muller morta en vida que case non pestanexaba os seus tristes ollos cando ninguén a observaba. Se cadra abríaos maiormente cando a súa filla Alicia, a nai de Sara, se achegaba a ela para darlle de comer ou axudala a tragar as ditosas pastillas. Pouco quedaba xa desa muller vívida que traballara de criada nas casas dos ricos da Porta do Camiño.

Ninguén se molestara nunca en contarlle que esa muller de ollos cor verdosa non o tivera fácil ao longo da súa vida. Non só se enfrontara a homes desapiadados e á frialdade dos viandantes das rúas baleiras, senón que tamén vira morrer cando cativa un anaco da súa alma, a súa propia nai.

A Sara bastoulle encontrar un vello álbum familiar para darse de conta de que nas fotografías da súa avoa faltaba alguén. A unha persoa da súa idade, na época en que aínda había de ser criada, coma quen di, éralle estraño a non omnipresenza da figura materna. Se ben era certo que nos esquemas mentais de Sara iso non tiña espazo, calquera contacto coa realidade lle serviría para decatarse de que a máis de un lle faltaba esa presenza ou mesmo non existía como tal. Calquera compañeiro da clase, veciño, amigo ou coñecido sabería de alguén ao que lle morrera a nai por algunha razón allea ao noso control.

Un accidente de tráfico, unha doenza incurable ou incluso algunha distracción que lle custara a vida.

Non obstante, seguindo esa concepción que ela mesma enarboraba, nos anos corenta non era habitual esa circunstancia. Non era común que nunha familia faltase a nai e iso só se convertía nunha pena que a acompañaría até a fin dos tempos, unido a que todo comezara no principio da posguerra nunha Galicia sombría e decadente, que case non puidera vivir o seu renacemento durante a etapa republicana. Con todo, daquel momento só persistía a borralla dos libros queimados polos falanxistas e os ollos tristes de tantas mulleres que non puideron ser libres.

II.

A Sara contáranlle na clase de castelán de 3.º da ESO que, despois de tantos anos de escuridade na reconstrución da literatura, chegara a recoñecerse que unha muller talentosa formaba parte da Xeración do 27. Chamábase Luísa Carnés e morreu no exilio en México.

—Agora as cousas son diferentes —comezou a profesora, Isabel, dirixíndose ao seu alumnado—, para vós non vos soará estraño que unha muller escriba e teña éxito, mais cando Luísa quixo escribir, case ninguén valorou o que ela escribira. A súa novela máis famosa, *Tea rooms*, é tal cousa porque nós mesmas recuperamos a súa memoria. Ficou no esquecemento cando se exiliou tras a guerra civil coma moita xente, o que acontece é que as mulleres sempre son esquecidas o dobre. Por iso, hoxe quero que leades o seu relato «En casa», porque só así entenderedes o berro afogado dunha muller que soñaba con volver a un país que en van rozara cos dedos o mel da liberdade.

[...]



POESÍA

PERSOAS PREMIADAS

1º premio	Alexandre Guerra Corbillón
2º premio	Xián Lois Alcayde Dans
3º premio	Sofía Fernández González

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Lara del Carmen Meneses Álvarez
Directora xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Guadalupe Gómez Arto
Xosé Luna Sanmartín
Luis González Tosar
Víctor Manuel Furelos Guillén
Alba Cid Fernández

Secretaría

Pilar Tamerón Montesinos



1º PREMIO

Alexandre Guerra Corbillón

Celanova (Ourense), 2004

Anfisbena do salitre é un poemario que nace como espazo para dar forma ao sufrimento emocional. O eixe vertebrador da obra é a exploración do peso da depresión e as loitas internas a través das dicotomías que a caracterizan. A figura mitolóxica da anfisbena, con dúas cabezas que avanza en direccións opostas, simboliza a dualidade da mente: unha parte desexa avanzar, mentres outra permanece ancorada no abismo, nas tebras.

A natureza é fundamental na obra. Constitúe o elemento contaminado polos pensamentos, a expresión do eu que tinguo o mundo e que o corrompe coma un cancro. Por exemplo, versos como "As sombras dos carballos esmigállanme as costas, empurran contra o chao" evocan a opresión e o peso emocional que esmagan a quen sofre. Ademais, a idea de desgaste e resistencia aparece noutras metáforas que simbolizan a corrosión do ser, a loita e, finalmente, a transformación.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2020-2023. Bacharelato no IES Celso Emilio Ferreiro de Celanova
- 2022-actualidade. Grao en Psicoloxía, Universidade de Santiago de Compostela
- 2023. Curso de auxiliar veterinario especialista en animais exóticos, Academia Integral do Instituto Tecnolóxico de Madrid
- 2023-2024. Coidador e vendedor de animais exóticos, Jardiland
- 2024-actualidade. Grao en Filoloxía Galega, Universidade de Santiago de Compostela

 @alexandrecorbillon_

Anfisbena do salitre (fragmento)

I

Estamos eiquí
os das ás de bronce chantados
coas longas pálpebras do pranto
adormecidas no vimbio.

Alta é a pedra de luz,
tépeda a maré.

Fírgoa de sal
embate a calma ensarillada.

Limiar
da propia incandescencia.

II

A lúa tínguese de vermello;
detense o mundo.

Gallamoutos entre uces e cardeas,
carbón dun lume antigo
que traspasa latitudes;
noite pecha, flores de lavanda.

O vento apreixa unha canción,
erguen furacáns os pesadelos.

Fulgor da bolboreta
que estoura en po de xofre.

III

Nos pés, area grosa
e gume de cuncha;
arnestes.

Ferido colibrí
que ven de lonxe
e que me leva ós tempos idos,
primeiros dunha estirpe.

Angazan as augas

co fulgor do sal,
camiños da alborada,
tremores do salouco.

Un alustro escacha
o dourado solpor,
ilusión no horizonte sen fin.

Nos pés, area grosa
e gume de cuncha;
nas maus...arnestes.

IV

As sombras dos carballos
esmigállanme as costas,
empurran contra o chao.

Afundo os xeonllos
entre lama e moreas
de papel mollado.

Páranme no lombo
follas coma chumbo
e níquel con ferruxe.

Mármore dos castiñeiros
que pingan granadas de mau
con carqueixas turrándolle da arandela.

Cómplices castiros
facéndome cama de babuxe.

Folía das pegas, xílgaros e pardais,
asubío de versos que anticipan
o estrondo maldito da tempestade.
Nin a hedra abrigaba ben os corpos
nin a auga asolagaba os berros.
Apegado á vella cotra do tempo,
respiro ós choutos.

[...]



2º PREMIO

Xián Lois Alcayde Dans

A Coruña, 1997

Éxodo explora a natureza da memoria e a súa relación co tempo e a transformación. O poemario, dividido en cinco seccións, reflexiona sobre as experiencias da infancia e a súa influencia na identidade, recordando momentos como o primeiro sangue, as margaridas ofrecidas á nai e a experiencia na escola. A través da imaxe da rachadura, os versos tratan a impermanencia e como o feito do pasado deixa a súa pegada no presente. A última sección, con referencias á guerra e á sombra, deixa entrever unha sensación de incerteza e medo ante o futuro.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2016-2020. Grao en Xornalismo, Universidade Complutense e Universidade de Santiago de Compostela
- 2019. Redactor no *TX Mediodía*, CRTVG
- 2020-2021. Mestrado en Xornalismo e Comunicación
- 2021. Redactor, Fundación Paideia Galiza
- 2021. Redactor, Consellería de Emprego e Igualdade
- 2021-actualidade. Doutorando en Información e Comunicación Contemporánea, Universidade de Santiago de Compostela
- 2024. Bolseiro de investigación, Consello da Cultura Galega
- 2024. Bolseiro de investigación, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CIRPH)

Éxodo (fragmento)

I

Hai un sorriso na festa de aniversario
do meu primeiro sangue,
o que manchou os fíos.
Recorto esta e outras fotos vellas,
a nai leva unha manta branca e a súa carne
ten moita calor, teño calor con ela.
Despois de quitar as caras das fotos,
de deixar corpos anónimos, orgullosos,
suxeitando alimentos,
xoias, nenas, abrigos, alfaias,
puiden á fin volver mirarme e recoñecerme nelas.

Estas engurras non desexaría queimalas.
A nai parece dicir "aquí está
a orixe de todo".
Os demais ollan para a orixe
coma quen fita con curiosidade as entrañas.

II

De neno recollía margaridas no parque
para levarllas moi rápido á miña nai,
non quería velas murchar.
Eran pequenas, coma min,
nun mundo anano de flores invasoras.

Daquela eu descoñecía que a margarida
era considerada,
nalgunhas partes do país, unha praga.
Nesas pragas e nesa conquista do prohibido
agasallaba eu flores no troco doutras cousas.
E niso parecido sigo hoxe coas mans baleiras.

III

Todo é susceptible da marcha. Marchar é tensarmos o fío,
Ao tensalo recollemos del a tea, as pinturas,
o mapa na clase,

algo que para un neno é eterno.
Cantas linguas foron anoándose
á sombra da escola?
Falo do amor porque vivín todo aquilo.

Nesa inmensidade a mestra diante dun tubo catódico
sinalábame a pantalla e o fenómeno da resgadura.

Resgar así a tea, o papel, as caras, os nenos, unha nena e as
letras.

A mestra envelleceu e cubriu a súa baixa outra mestra
máis nova. Cóbrense formularios.

Aprendín que o tempo dentro
vai facendo entre nós mestura común.

Pasan as mestras e os obxectos
das súas mans, como alfaias dunha
constelación que hoxe vexo doce, coma
un sol marmelo polas baldosas do chan de gres.

Alí vin que iso era o que máis nos unía,
o tempo, a resgadura,
os pasos, eses seguirán resgando en nós.

IV

A imaxe é torpe.
A cousa foi entre campás,
e unha criatura, eu, medrada entre ruídos, rilando anacos.
Partillei algunha vida así, na beira,
na fronteira disto.
Neses agochos do corpo hai natureza
porque hai humidade e voces, hai tamén lumes e tebras.
Hai persoas que bican e falan.
Nunha beira estou eu chantado e,
coa ramaxe do parque,
todo é xa, para min, un campo de xogos.

[...]



3º PREMIO

Sofía Fernández González

Ourense, 1996

Os poemas recollidos en *Canícula* falan da pertenza, da terra, da morte e do que a precede.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2021. Mestrado en Filosofía, Universidade de Santiago de Compostela

2023-actualidade. Doutoranda no Departamento de Español e Portugués, Universidade de Yale

2024. Escritora de *Os corpos fráxiles*

 @sofia.ruvira

 @aimoraima

Canícula (fragmento)

vin cruzar polo ceo un xílgaro
de ás douradas
dixeras que eses paxaros
se alimentaban de terras
que nós labrabamos
tiñas a fouce na man
e un sorriso nos dentes
o pozo a casa o esconxuro
e logo a auga cesou
e a ti secóuseche a alma
vin nadar unha londra
camiñar con pasos suaves
íspeme o ego coas cores
do adro onde durmías

foi o alustro que me deixou cega
queimoume as pálpebras
e só teño mans
para tocarte agora
non sei
se os teus beizos son de ónice
e as túas palabras de pedra
axéxote, co corpo
co tacto arrefriado pola noite


no cadro onde vivimos eu levo unha saia vermella
teño o pelo como grama
e na man un pedúnculo
son magra
a pintura cesa no meu ventre salgado
as mulleres teñen teas vacas lavaduras
meten as mans no miolo
e repósanas tranquilas
no cadro onde vivimos ti montas un cabalo
que se mexe coa lama mentres rincha
ninguén o escoita
no cadro onde vivimos todo o día é silencio

luminiscente arrástrame a lúa
ata as beiras dos teus ollos
dos que caeron tódolos poetas do mundo
na uralita
cóntasme que eu herdei a palabra túa
a insistencia na fala
non teño mans senón linguas
que se me escapan polos dedos
menciono agocho e saio
de ti que precedes ao ceo

o teu corpo é unha illa
que naceu na contorna de Muxía

as túas mans teceron
por riba do lévedo
dos amoeiros
facías cores con xestas
pasando filamentos entre dedos engurrados
nai
avoa
sempre alegre
dícías que as ondas onda nós non chegaban
que Ourense estaba apartado do mar
e de aí a xenreira
cando me digas que queres voltar
eu levareite
envolta no pano que teciches coa ansia de mil cabalos
filla
neta
ti fuches todo no mundo
fuches todas no mundo

[...]



TEATRO

TEATRO AMADOR

PERSOAS PREMIADAS

- 1º premio** Ska-Rnio Escénico
- 2º premio** Asociación LaBarata
- 3º premio** Escola de Teatro de Taboadela, Esteta

TEATRO PRO

PERSOAS PREMIADAS

- 1º premio** CoidadoBastón!
- 2º premio** t.E.T.a.
- 3º premio** Nauta Teatro
- Mención de honra** Ancoraxe

MEMBROS DO XURADO

Presidenta

Lara del Carmen Meneses Álvarez
Directora xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Inmaculada López Silva
Artur Trillo Sendón
Antonio Vázquez Turnes
Belén Díaz Bouzas

Secretario

Iker Rodríguez Elortegui



Ska-Rnio Escénico

Fraktal é unha creación colectiva. O resultado é unha proposta chea de luz e escuridade na que se reflexiona sobre a complexidade do ser e na que cohabitan personaxes danzando nas sombras para (sobre)vivir.

Esta obra, á parte das nosas investigacións, improvisacións e liberdade creativa, ten inspiración en Pina Bausch, Billy Milligan, Xesús Pisón e a súa *Memoria da esfínxe*, Malandrómeda ou Lewis Carroll.

FORMACIÓN ACADÉMICA

Abel Rodríguez Ferreirós, Lieja (Bélxica), 2006

Estudante de Tradución e Interpretación (Galego-Inglés)

Adrián Lago Regenjo, Rianxo (A Coruña), 2003

Estudante de Filoloxía Inglesa

Álvaro García Castiñeiras, Dodro (A Coruña), 2002

Título de bacharelato

Carlota Somoza Mariño, Rianxo (A Coruña), 2007

Estudante de bacharelato

Katia Lojo Tubío, Rianxo (A Coruña), 2003

Estudante de Educación Infantil

Mateo Figueiro Regenjo, Rianxo (A Coruña), 2007

Estudante de bacharelato

Noelia Fernández Romero, Rianxo (A Coruña), 2004

Estudante de Tradución e Interpretación (Galego-Inglés)

Amantia Coello Rodríguez, Ourense, 1988

Licenciada en Psicoloxía. Mestrado en Educación, Desenvolvemento e Diversidade Comunitarios

Francisco Gómez Regenjo, Rianxo (A Coruña), 1990

Técnico superior en Imaxe

TRAXECTORIA PROFESIONAL DO GRUPO

2023. Ska-Rnio Escénico nace do desexo de crear un grupo xuvenil para maiores de 16 anos no seo da Escola de Teatro Airiños, a compañía en activo máis antiga do país

2024. Estrea de *Fraktal*

Fraktal





LaBarata presenta un grupo de mozos descontentos co mundo que os rodea, mergullados na inactividade e o desinterese. Porén, na súa apatía, comezan a cuestionar as regras establecidas e as expectativas que a sociedade ten sobre eles. O conflito xorde cando estas persoas, consideradas ingobernábais, comezan a tomar conciencia da su capacidade de rebeldía, poñendo en xaque os sistemas que os etiquetan como aptos ou non aptos para a vida. Combina humor negro e crítica social, explorando a loita interna entre conformarse coa pasividade ou intentar cambiar cousas, aínda que non sempre saiban como.

Asociación LaBarata

FORMACIÓN ACADÉMICA

- Daniel Baamonde Boquete**, Santiago de Compostela (A Coruña), 1981
2001-actualidade. Dirección e docencia de grupos escolares e afeccionados e cursos relacionados coa interpretación, dirección, escenografía e iluminación
- Unai de Larrinaga Romero**, Santiago de Compostela (A Coruña), 1999
2012-2017. Grupo de teatro do IES Rosalía de Castro
2017-actualidade. Compañía de teatro LaBarata
- Rosa Santaló Rodríguez**, Santiago de Compostela (A Coruña), 1999
2012-2017. Grupo de teatro do IES Rosalía de Castro
2020-actualidade. Compañía de teatro LaBarata
- Noa García Amado**, Santiago de Compostela (A Coruña), 2001
2021-actualidade. Compañía de teatro LaBarata
- Mario Magariños Feijoo**, Santiago de Compostela (A Coruña), 2003
2016-2020. Cursos de teatro no IES Xelmírez 1. Grupo de teatro Vai no dentista
- Noa Castiñeiras Sánchez**, Santiago de Compostela (A Coruña), 2001
2016-2020. Cursos de teatro no IES Xelmírez 1. Grupo de teatro Vai no dentista
- Iria Vázquez Lestón**, Santiago de Compostela (A Coruña), 2004
2017-2022. Cursos de teatro no IES Xelmírez 1. Grupo de teatro Vai no dentista
2022-actualidade. Compañía de teatro LaBarata
- Ana Fórneas Torrado**, Santiago de Compostela (A Coruña), 2004
2017-2022. Cursos de teatro no IES Xelmírez 1. Grupo de teatro Vai no dentista

TRAXECTORIA PROFESIONAL DO GRUPO

2022. *A reunión de Unai e Telma e os seus amigos e tal*. IES Rosalía Mera, A Coruña. Certame de Teatro Escolar e Afeccionado da Deputación da Coruña
2023. Representación de *Dúbida razoable*, Auditorio Abanca (Santiago de Compostela). 23 Mostra de Teatro Universitario de Galicia
2023. Representación de *Dúbida razoable*, IES Rosalía Mera (A Coruña). Certame de Teatro Escolar e Afeccionado da Deputación da Coruña
2024. Representación de *Ingobernábais*, Teatro Principal (Santiago de Compostela). 24 Mostra de Teatro Universitario de Galicia

Ingobernábeis (apto/non apto)





Escola de Teatro de Taboadela, Esteta

A mentira, a ambición, a traizón son os piares desta comedia de época que se desenvolve no marco da España dos Austrias, da Inquisición, do control ideolóxico, da pureza do sangue, da supervivencia do máis apto e do máis listo... e do amor. Unha España que cheira a latrinas, a excrementos. Unha España represora e reprimida na que o amor verdadeiro soamente pode ser platónico e sacrificado. E subxacente a todo isto: a imaxe do poder omnipresente de Felipe IV. Non se mostra como personaxe na obra pero determina todo este mundo. Fronte a eles, as débiles figuras dos artistas, buscando a verdade na arte, no amor, transixindo por conveniencia, mentindo por temor...

FORMACIÓN ACADÉMICA

Noelia Pereira Grande, A Merca (Ourense), 1997
Título de bacharelato

Brais Vázquez Pérez, Ourense, 1997
Título de ensinanza secundaria obrigatoria (ESO)

Xoel Álvarez Alonso, Ourense, 2001
Grao superior de Administración de Sistemas Informáticos en Rede

David Vázquez Nóvoa, Ourense, 1994
Grao en Xeografía e Historia. Mestrado en Formación do Profesorado

Brais Abad Piñeiro, Toén (Ourense), 1995
Grao en Xeografía e Historia. Mestrado en Formación do Profesorado

José María Iglesias Rodríguez, Nogueira de Ramuín (Ourense), 1970
Curso de orientación universitaria (COU)

TRAXECTORIA PROFESIONAL DO GRUPO

2022. Estrea de *Tantos anos de silencio*, adaptación da novela de Francisco Castro

2023. Estrea de *Escándalos club*

2024. Estrea de *A puta namorada*

2024. Estrea de *Enleados*

 @esteta_teatro

 <https://www.facebook.com/estetateatro>

A puta namorada





1º PREMIO

TEATRO PRO

CoidadoBastón!

O equipo que conforma CoidadoBastón! está composto por egresadas e estudantes do último ano das diferentes especialidades que se imparten na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Foi neste espazo onde naceu o noso proxecto, que actualmente se atopa en vías de profesionalización. Xuntas creamos *Recordari*, un espectáculo que avoga por unha disciplina orixinal, cun gran nivel de produción e unha posta en escena envolvente que se fundamenta nas sinerxías entre a interpretación, o espazo sonoro, a videoescena e o espazo escénico. *Recordari* é unha peza familiar de máscara expresiva, que pode ser disfrutada tanto por cativas como por adultas, xa que transmite unha tenra mensaxe sobre o paso do tempo, a aceptación da morte e a necesidade de vivir sen estar ancoradas aos traumas do pasado. *Recordari* segue as peripecias dunha anciá que, a piques de falecer, esperta nun lugar que non recoñece: unha oficina que alberga os obxectos perdidos da súa vida. Deste xeito, embárcase nunha aventura a través da memoria. Dada a calidade do resultado final do proxecto, a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESADg) decidiu que a nosa peza representase a dita escola no ESADFest 2024. Alí encandeou o público, resultou como a gran favorita e obtivo o recoñecemento de toda a comunidade teatral.

FORMACIÓN ACADÉMICA

Alba Lago Barros, Vigo (Pontevedra), 2000
Grao en Interpretación, Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

Uxía González Rodríguez, Vigo (Pontevedra), 2002
Grao en Interpretación, Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

Noemi Pardo Carral, Vilalba (Lugo), 2002
Grao en Interpretación, Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

Carmen Villalustre Enríquez, Sanxenxo (Pontevedra), 2001
Estudante do último curso do grao en Interpretación, Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

Susana Villaverde García, Redondela (Pontevedra), 2002
Grao en Dirección Escénica e Dramaturxia, Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

Sara Faro Lubiáns, Vigo (Pontevedra), 2001
Estudante do último curso do grao en Dirección Escénica e Dramaturxia, Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

Ezequiel Rodríguez Barros, Vigo (Pontevedra), 1994
Estudante do último curso do grao en Dirección Escénica e Dramaturxia, Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

Maite Dubois Bragado, Vigo (Pontevedra), 1998
Estudante do último curso do grao en Escenografía, Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

TRAXECTORIA PROFESIONAL DO GRUPO

2024. Representacións de *Recordari* na Sala Pedra Seixa (Vigo) e no Teatro ESAD Málaga (Málaga)

Recordari





2º PREMIO

t.E.T.a.

TEATRO PRO

Que importante é e que pouco se fala nace dun proceso de creación colectiva e posdramática que tenta dar resposta a numerosas preguntas: é normal que toda unha xeración padeza, en maior ou menor medida, problemas de saúde mental? Podemos romper con esta maldición sistémica e comezar a coidarnos mutuamente? E a máis importante... A quen non lle vai gustar un espectáculo multidisciplinar sobre saúde mental?

FORMACIÓN ACADÉMICA

Claudio Rodríguez Suárez, Ourense, 1994

Grao en Interpretación, Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Formación musical autodidacta en percusión, guitarra e voz. Integrante de distintas bandas de rock e metal como batería

Ánxel Collazo García, Vedra (A Coruña), 1998

Grao en Interpretación, Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Integrante da compañía circense La Fiesta Escénica

Laura Albarellos Silva, Santiago de Compostela (A Coruña), 2001

Grao en Interpretación, Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Formación musical en guitarra e piano pola Escola Municipal de Boiro

Rocío García Rodríguez, A Estrada (Pontevedra), 1998

Grao en Escenografía, Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Formou parte do equipo escenográfico de *A Testa da Bautista* presentada no Festival de Teatro Valle- Inclán

Laura Barral Domínguez, Poio (Pontevedra), 2001

Grao en Escenografía, Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Formou parte do Obradoiro de narrativa de futuro *Diarios do futuro. Pontevedra 29 de abril de 2073* e do proxecto *Do desequilibrio aos soños compartidos*, Feitoría Verde, Chévere e grupo SEPA de investigación (USC)

Noa López Vilas, Santiago de Compostela (A Coruña), 2004

Estudante de terceiro curso do grao en Dirección Escénica e Dramaturxia, Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Formación en mediación e interpretación, coa participación en vídeos musicais como *Porca Vida*

TRAXECTORIA PROFESIONAL DO GRUPO

2024 - Estrea de *Que importante é e que pouco se fala* na ESADg

Que importante é e que pouco se fala





Nauta Teatro

Esta investigación propón a creación dunha marioneta efémera, fabricada en xeo para falar precisamente da fragilidade do mundo que compartimos. O oso polar é unha das especies máis afectadas pola desaparición do seu hábitat natural. É un símbolo universal do cambio climático. Esta experiencia leva os espectadores a ser testemuñas do seu nacemento, o seu paso polo espazo e posterior desaparición.

A propia materia da marioneta desfacéndose evidencia que compartimos un espazo-tempo real. Experimentar a sensación do xeo derreténdose recórdanos que nós tamén somos efémeros.

En *Ephímeros* todo conta: a luz modifica como percibimos o xeo e achega calor acelerando o proceso de desconxelación. A temperatura do ambiente e o contacto cos manipuladores que lle dan vida tamén modifica o tempo deste proceso.

FORMACIÓN ACADÉMICA

- Rafael Rey Domech**, Teo (A Coruña), 1997
Actor
- Carlos Rodríguez Gallardo**, A Coruña, 1995
Actor
- Pilar Pingarrón Borja**, Madrid, 1991
Actriz
- María de Vicente Álvarez**, Vigo (Pontevedra), 1993
Bailarina
- Violeta Iglesias Maneiro**, A Coruña, 1998
Artes plásticas
- Silvia Castro Rodríguez**, Vigo (Pontevedra), 2001
Iluminación

TRAXECTORIA PROFESIONAL DO GRUPO

- 2022-2023. Representación de *A barca do inferno*, Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro, Festival Internacional de Monicreques Galicreques (Santiago de Compostela), Feria de las Artes Escénicas (Albacete), Fórum Metropolitano (A Coruña), Praia de Pantín (Valdoviño), La nave del duende, (Cáceres) e Titirijai (Tolosa)
- 2022-2024. Representación de *Treboada*, Festival Internacional de Títeres Galicreques (Santiago de Compostela), Entroido de Ourense e Festival de Teatro Gestual (Madrid)
2024. Representación de *Gaia Baba*, Auditorio de Rianxo, Teatro Jofre e Feira Europea de Artes Escénicas para Nenos e Nenas (FETEN)

Ephimeros





MENCIÓN DE HONRA

Ancoraxe

TEATRO PRO

Novecento conta a historia de Danny Boodman T. D. Lemon Novecento, o pianista máis grande da historia, narrada a través das palabras de Tim Tooney, o que asegura ser o seu mellor amigo dende que se coñeceron, durante unha tormenta, na sala de máquinas do Virgí-nian.

Novecento nunca baixou do barco. Tim si.

“Non estamos tolos cando atopamos o sistema para salvarnos”.

Novecento é un espectáculo no que a musicalidade se coloca nun plano diferente, onde o espectador debe completar o que ve e escoita e, desta forma, cada un reciba unha historia particular. O medo transita por ambas as personaxes de formas complementarias: o público sentirase identificado ou ben na decisión de Tim de baixar do barco para enfrontarse a un universo do que nunca conseguirá sentirse parte, ou ben da redención do pianista Novecento contra os medos que fan que tome a decisión de nunca baixar do transatlántico no que naceu.



FORMACIÓN ACADÉMICA

Marcos Grandal Tojeiro, Narón (A Coruña), 1997

Grao en Interpretación (ESADg). Grao en Violonchelo.

Formación en produción musical, Instituto Galego de Música Avanzada (IGMA). Obradoiro de interpretación ante a cámara con Goizalde Núñez. Formación actoral con Fran Peleteiro en Estudio 5. Obradoiro de interpretación textual con Tito Asorey e Melania Cruz. Formación en *clown* con David Alonso. Formación en cámara con Alfonso Zarauza. Obradoiro de produción teatral con José Díaz

Sara Rey Seoane, A Coruña, 1995

Grao en Dirección de Escena e Dramaturxia (ESADg).

Mestrado en Literatura, Cultura e Diversidade, Universidade da Coruña. Grao en Historia da Arte, Universidade de Santiago de Compostela. Obradoiro de creación escénica con Noemi Rodríguez. Obradoiro de interpretación textual con Tito Asorey e Melania Cruz. Obradoiro de produción teatral con José Díaz. Obradoiro de teatro autobiográfico con Tito Asorey. Obradoiro de escrita dramática con Ernesto Is. Obradoiro de teatro documento con Jordi Casanovas

TRAXECTORIA PROFESIONAL DO GRUPO

2022. Preestrea de *Novecento* de Alessandro Baricco como traballo final de estudos na ESADg

2023. Sara Rey Seoane (dirección) e Marcos Grandal Tojeiro (deseño do espazo sonoro) para a peza *lphixenia na porta do súper* de Compañía Humana

Novecento





VIDEOCREACIÓN

PERSOAS PREMIADAS

1º premio	Mario Fernández Filloy
2º premio	Raquel Álvarez Méndez
3º premio	Esperanza Valentina Castro Isdahl-Troye
Mención de honra	Álex Tajuelo López

MEMBROS DO XURADO

Presidenta


Lara del Carmen Meneses Álvarez
Directora xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

Vogais

Ignacio Vilar Díaz
Francisco Freire Magariños
Anxos Fazáns Estévez
Pablo Comesaña Pérez
Pela del Álamo Herrera

Secretaría

Paula Collazo López



1º PREMIO

Mario Fernández Filloy

O Carballiño (Ourense), 2000

Liminal station partiu da idea de filmar lugares do Carballiño para facer unha radiografía fílmica onírica da vila mais, ao empezar a gravar na estación de tren, a gata que alí vivía (e que moitos carballiñeses xa coñecemos) converteuse na protagonista dunha peza que non chegaría a mudar de escenario, á que fun gravando continuamente ao longo de cinco meses. A narrativa tras as imaxes foise construíndo a medida que filmaba (e que chegou a pedir a gravación doutro gato -ou gata-), e que máis adiante cobraría total sentido na montaxe.

Finalmente, *Liminal station* converteuse nunha peza sobre a espera, dende unha perspectiva un tanto onírica (pois así son os espazos liminais: lugares de paso, ás veces solitarios e tamén oníricos ou surrealistas, situados, parece, noutro lugar que non é este mundo).

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018-2023. Grao en Comunicación Audiovisual, Universidade de Santiago de Compostela


2019-actualidade. Codirector e programador, Festival Internacional de Curtametraxes Xociviga

2022. Prácticas en realización na CRTVG

2022-2023. Auxiliar de produción en diversas producións cinematográficas

Liminal station





2º PREMIO

Raquel Álvarez Méndez

Vigo (Pontevedra), 1998

Estructuras, apuntes de San Sadurniño é unha curtametraxe creada durante a residencia artística do Chanfaina Lab, centrada no descubrimento da vila de San Sadurniño. A obra preséntase como unha colección de notas visuais e sonoras que exploran o contraste entre o orgánico e o construído, amosando estruturas e paisaxes nun diálogo visual. O son, montado a partir dos rexistros do contorno, mestúrase cos sons dunha viola gravada posteriormente coa intención de xerar unha paisaxe acústica que reflicte de novo a harmonía tensa entre o natural e o producido.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018-2022. Grao en Belas Artes, Universidade de Vigo

2021-2023. Dirección de arte en curtametraxes

2023-2024. Edición de vídeo, Paloma Wool

2023-actualidade. Mestrado en Artes Plásticas, Universidade do Porto

2024. Docente no *workshop* da exposición Helmut Newton-Fact & Fict

 <https://raquelalvarezmendez.com/>


 @__racu__/

Estruturas, apuntes de San Sadurniño



ESTRUTURAS

Apuntes de San Sadurniño



3º PREMIO

Esperanza Valentina Castro Isdahl-Troye

Avellaneda (Bos Aires, Arxentina), 1999

Necesidade existencial trata sobre a contemplación e a meditación, sobre a preocupación polo que xa non se atopa e o refuxio na vida que sempre nos acompaña. É unha mensaxe de esperanza fronte ao desasosego da incógnita vital.

Localízase na miña vila a imaxe e o son, e os ecos no meu corazón.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018-2020. Técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Ilustración, EASD Antonio Faílde

2020-2024. Grao en Belas Artes, Universidade de Vigo

 @_j_o_u_p_/_

Necessidade existencial





MENCIÓN DE HONRA

Álex Tajuelo López

Madrid, 2002

A raíz dunha mudanza, un personaxe reflexiona no seu diario sobre que significa un fogar e todas as formas que este concepto pode tomar. Nesta obra mestúrase arquivo persoal real co material gravado, esfumando así as liñas da ficción, convertendo a peza nunha reflexión semibiográfica. Isto conséguese a partir dunhas imaxes gravadas en clave de ficción ás cales se lle superpón o arquivo, polo que a obra adquire unha dimensionalidade metafórica e experimental. Esta peza está inspirada por unha reflexión persoal acerca do que significa o fogar, tanto física como simbolicamente. Este concepto non só se refire a unha casa, moitas veces familiar, senón que é posible atopar un fogar nas persoas que elixes ter ao teu lado (as cales te elixen de volta), facendo unha actividade que che gusta, nun currunchito dunha habitación... As respostas a esta cuestión poden ser infinitas, pero todas levan a un mesmo lugar. Un fogar é aquilo que che transmite seguridade, tranquilidade e onde se pode ser un/unha mesmo/a.

FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2020-2024. Grao en Comunicación Audiovisual

2023-actualidade. Prácticas formativas na produtora Brava

2024. Creación, produción, dirección e posprodución da webserie *Ecos dun verán*, xunto a María Rego de la Torre

2024-actualidade. Curso en edición e posproducción de vídeo

 @alextajuelo

Fogar



XUVENTUDE
CREA

2024
2024